# O marco xurisdiccional na antiga provincia de Betanzos

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ* e
XOÁN MIGUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ**

O estudio do marco xurisdiccional conta cunha certa tradición en Galicia. A el achegáronse xeógrafos como Río Barja e historiadores como Fernández-Valdés Costas ou máis recentemente Eiras Roel e Pegerto Saavedra, quen incorporou este aspecto dentro da súa extensa tese de doutoramento sobre a Provincia de Mondoñedo durante o Antigo Réxime.

No presente traballo fixouse como principal obxectivo o coñecemento do marco xurisdiccional, tanto dende a perspectiva administrativa como da territorial, tomando como base unha das provincias galegas existentes durante o Antigo Réxime, aínda que nalgunhas ocasións foi necesario amplia-las marxes cronolóxicas para chegar á orixe e ó devalo dos fenómenos que caracterizan á Idade Moderna.

Preténdese dar unha visión xeral da cuestión, suliñando as estructuras que permanecen e os cambios que se rexistran ó longo do tempo. Este prantexamento, unido ós extensos lindeiros xeográficos e temporais, obriga a centra-lo discurso nas manifestacións comúns e, polo mesmo, case non queda opción ó achegamento do intrincado mundo das variantes particulares ou mesmo ás excepcións da tendencia xeral.

## I. OS VELLOS LINDEIROS PROVINCIAIS

Betanzos xa aparece constituida como "provincia" cara o 1480, cando o Reino de Galicia queda estructurado politicamente seguindo as liñas do Estado Moderno impostas polos Reis Católicos. González Mariñas defende a idea de que as antigas provincias tiñan como finalidade primordial a representación dentro das Cortes de Castela (1). Nembargantes, a organización administrativa do momento, presenta un modelo xerárquico que ten no cumio á Real Audiencia de Galicia (2), centralizadora das ordes reais e tamén institución de goberno propia. Nela xestionábanse os mandatos cara ás capitais de provincia e dalí saían para as xurisdiccións (3), onde se arte-

*** Alfredo Erias é funcionario do Concello de Betanzos e como tal director do Arquivo, Biblioteca, Museo das Mariñas e Anuario Brigantino.**

**** Xoán Miguel González Fernández, vigués, é profesor de Ensino Medio e está a prepara-la súa tese de doutoramento sobre a xusticia local e territorial na Galicia do Antigo Réxime.**

(1) GONZÁLEZ MARIÑAS, P. *Las Diputaciones Provinciales en Galicia: del Antiguo Régimen al Constitucionalismo*. A Coruña, Deputación Provincial, 1978, p. 25.

(2) Sobre a función gubernativa destas institucións véxase: FERNÁNDEZ VEGA, L. *La Real Audiencia de Galicia, órgano de Gobierno del Antiguo Régimen*. A Coruña, Deputación Provincial, 1982; EIRAS ROEL, A. "Sobre los orígenes de la Audiencia de Galicia y sobre su función de Gobierno en la época de la Monarquía absoluta". En: *Anuario de Historia del Derecho Español*. Madrid, 1984, 323-384.

(3) Neste senso tamén se expresa SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.– "Comunidades campesinas, xurisdicións e partidos na Galicia da Idade Moderna". En: *Revista de Administración Galega*, 2. Santiago, 1985, p. 125.

llaba un poder local, derivado en moitas ocasións das prerrogativas señoriais. Fiando polo miudo, aínda se poderían engadir como último grilón desta cadea, as entidades parroquiais. En resume, as provincias do Antigo Réxime tiñan tamén o cometido de servir como intermediarias entre os representantes da administración central e os concellos ou xurisdiccións, especialmente nos asuntos de repartos impositivos e de alistamentos militares.

O territorio que abarcaba a Provincia de Betanzos presenta na banda oriental un releve montañoso que se extende de N. a S. desde a Serra Faladoira á Serra da Cova da Serpe, pasando polo Monte Caxado, Serra da Loba e Cordal de Montouto, como manifestacións máis salientables. Daquí ó amplio litoral atlántico, a dura montaña vai caendo pouco a pouco, sendo os ricos vales fluviais os que collen protagonismo a través da meseta interior. Son ríos máis importantes desta provincia: o Sor (no límite coa Provincia de Mondoñedo), o Baleo, o Mera, o río Grande de Xubia, o Eume, o Lambre, o Mandeo, o Mendo e o Mero.

O dominio climático maioritario corresponde ó tipo Oceánico Húmido, que despois dunha franxa de transición convírtese, na marxe leste, nun Oceánico de Montaña.

Cunha extensión de 2.433 $Km^2$ (4), era lixeiramente máis grande ca Mondoñedo, situándose nun posto intermedio dentro do conxunto das provincias do Reino. Segundo o *Censo de Tomás González* (1591), xunto coa Coruña, presentaba unha densidade de 20,8 hbts/$km^2$, mentres que no *Catastro de Ensenada* (1752) amosa un ascenso ata os 42,6 hbts/$km^2$; en calquera das dúas datas queda nun lugar temperado con respecto ás demais provincias. A distribución do poboamento era moi dispar: cara a 1750 acádanse cotas altas no litoral entre Sada e Neda, mingoando no resto do mesmo e chegando a cotas mínimas nas serras do interior (5). En términos absolutos, no 1752 andaba polos 95.977 veciños, que seguindo ó Censo de Floridablanca, no 1787 pasaran a 140.429. De seren correctos estes datos, o crecemento sería espectacular nunha época de crise agraria (aínda que amortecida polo auxe dos estaleiros ferroláns), moi por riba do resto de Galicia. O hábitat era predominantemente rural, existindo 11 núcleos con categoría de vila, sendo cidade só a capital, Betanzos, que actúa como centro administrativo e residencia de rentistas da terra (6).

A economía na segunda metade do s. XVIII baseábase na explotación dos recursos agropecuarios e forestais, así como na pesca do litoral, aínda que neste ramo a acción modernizadora dos fomentadores cataláns parece que foi moito máis feble que noutras áreas. O comercio presenta un carácter esencialmente tradicional, agás no caso ferrolán. A industria céntrase nos asteleiros da Graña-Ferrol e nas produccións auxiliares, como as planchas de cobre que se labouraban en Neda (alí tamén había dúas fábricas de sombreiros). En Betanzos e nas súas proximidades funciona-

---

(4) RÍO BARJA, F. J. "La delimitación provincial de Galicia en el siglo XVIII". En: *Boletín de la Universidad Compostelana*, 66. Santiago, 1958, p. 47. RÍO BARJA, F. J."Cartografía das xurisdiccións da provincia de Betanzos no século XVIII". En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. XXXVIII, 103, CSIC-Instituto Padre Sarmiento. Santiago, 1989, p. 199 e ss.

(5) BOUHIER, A. *La Galice*. La Roche-sur-Yon, 1979. t. II, p. 23.

(6) BERTA VAQUERO LASTRES achegouse a varios sectores sociais da cidade de Betanzos a mediados do s. XVIII en traballos recollidos no *Anuario Brigantino* dende 1986 ata este mesmo.

ban varios obradoiros de curtidos (7).

A descripción máis completa dos lindeiros provinciais douna o ilustrado **Lucas Labrada,** quen ó parecer seguiu o mapa deseñado polo xeógrafo Tomás López (8). Comenza demarcando a raia con Mondoñedo:

"A una legua escasa al poniente de Bares comienza a dividirse esta provincia de la de Betanzos, cuya línea divisoria por espacio de seis leguas norte sur sin alteración sensible, pasando por los lugares de Loiba, Mogor, Couzadoiro y Freixo".

Río Barja precisa a incorrección de deixar todo o río Sor na provincia de Mondoñedo, indicando que o límite abandona a Serra Faladoira á altura da Pena Blanca, para dirixirse ó Sor, que serve de límite durante 17 km., quedando fóra só a parroquia de Mañón, pertencente a Betanzos (9). Os restantes lindeiros quedan descritos partindo do porto de Fontán:

"De allí viene dividiéndose esta provincia de la de La Coruña, pasando por las feligresías de Mondego, Dorneda, Oleiros, Cambre, Sigrás y Vigo, que deja a la banda del poniente comienza luego a dividirse de la provincia de Santiago, y dirigiéndose la línea algo inclinada al Sudeste pasa por las feligresías de Figueroa, Meangos, Cerneda, Cullergondo, Precedo [Presedo], Figueirido [Figueiredo], Probaos, Loureda y Dordaño, que todas quedan dentro de la citada provincia de Betanzos; dirígese luego la línea al sur, faldeando el monte de la Teeira, y sigue dejando también dentro de la provincia las feligresías de Curtes, Curtis, Foxado, Roade, el Monasterio y lugar de Sobrado, y el de Rodieiros, terminándose por esta parte en la feligresía de Xubial, punto en donde concurre la divisoria de esta provincia con las de Santiago y Lugo; allí tuerce la línea hacia el nordeste, pasando por el lugar de San Antolín en la provincia de Lugo, y por junto al de Porto-Salgueiro en la de Betanzos. Sigue de aquí con mucha mayor inclinación al norte, dejando por su parte oriental las feligresías de Anafreita, Mariz, Portobello, los Villares, Cazás, Momán y Miraz; y por su parte occidental la Panda y Aparral; desde donde como media legua al nordeste termina la división de la provincia, concurriendo con la que va indicada de Mondoñedo"

Combinando a división xurisdiccional da época, coa das modernas entidades administrativas municipais, poden establecerse os antigos lindeiros con bastante exactitude.

Coa provincia da Coruña, a máis pequena do Reino, limitaba polo medio do Con-

---

(7) Aínda que ó falar das xurisdiccións reseñaremos aspectos económicos e demográficos puntuais, tomados de obras e documentación da época, este aspecto, ó non se-la meta esencial do noso traballo, pode ampliarse nos seguintes libros e traballos: LABRADA, L. *Descripción económica del Reino de Galicia*. A Coruña, 1804 (reeditado pola Ed. Galaxia en Vigo, 1971), p. 29-40. PÉREZ GARCÍA, X. M. "Idade Moderna". En: *Historia de Galiza*. Madrid, 1980, p. 139-206. VILLARES PAZ, R. *A Historia*. Vigo, Galaxia, 1984, p. 103-138. VALES VILLAMARÍN, F. *La Cofradía Gremial de los Zapateros*, A Coruña, 1981. MEIJIDE PARDO, A. "Las primeras industrias del curtido en Betanzos". En: *Untia, n° 2*, Betanzos, *Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns*, 1986, p. 27 e ss. URGORRI CASADO, F. "Los curtidores vasco-franceses de Betanzos y la curtición antigua". En: *Programa das Festas de San Roque*, Betanzos, 1987. ERIAS MARTÍNEZ, A. "As rúas de Betanzos: introducción ó seu coñecemento". En: *Anuario Brigantino 1985, n° 8*, Concello de Betanzos, 1986, p. 48-49. URGORRI CASADO, F. "Los molinos de Bermúdez en Puente Lambre y la molinería en Ferrol y Betanzos en el siglo XVIII y XIX". En: *Untia, n° 2*. Betanzos, *Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns*, 1986, p. 153 e ss. ...

(8) LABRADA, L. *Decripción económica ..., opus cit.*, p. 22-23 e 38.

(9) RÍO BARJA, F. J. Prólogo á *Descripción económica ...*, de Lucas Labrada, *opus cit.*, p. XXIII-XXIV.

cello de Sada, partindo en dúas a Xurisdicción de Miraflores. Seguía cara ó Sul para logo continuar pola raia meridional de Cambre, onde remataba a demarcación da Coruña.

Os lindeiros coa provincia de Santiago ían polo límite oriental do Concello de Carral, ocupado en boa parte pola xurisdicción compostelá do Val de Barcia. Seguía pola raia do Sur de Abegondo, Cesuras e Curtis, e finalmente pola occidental de Sobrado. Frente a esta liña extendíase a compostelana Xurisdicción de Mesía, que entraba en terras de Betanzos coas catro parroquias da marxe do poñente de Cesuras.

Despois de bordea-lo resto de Sobrado, lindando coa Xurisdicción de Toques, empezaba a limitar coa Provincia de Lugo, que sigue cara ó Norte pola actual división provincial, internándose en Guitiriz e retraíndose na parroquia de Aparral (As Pontes).

A confindade coa provincia de Mondoñedo ven ratificada polos mapas que do seu territorio teñen elaborado Río Barja e Pegerto Saavedra (10). Continúa polo lindeiro provincial vixente ata chegar ó concello de Mañón, pasando logo a raia occidental deste, coa excepción da parroquia homónima de Santa María. Polas terras mindonienses vanse sucedendo as xurisdiccións de Muras, Grañas do Sor, Galdo e finalmente Vares e Mogor.

Nunha organización que non se caracteriza polos seus criterios de homoxeneidade e racionalidade, non debe estrañar que algunhas parroquias queden enquistadas no territorio doutra provincia, cousa que ocorre coa freguesía de Santa Mariña de Cabreiros, dependente da xurisdicción das Pontes, que fica dentro da de Vilalba. Isto non é unha excepción, pois, como exemplo, o couto mindoniense de Samarugo atopábase na provincia lucense. O caso máis chamativo foi, sen dúbida, o da Xurisdicción de Arbol, con dúas parroquias situadas nos lindeiros de Mondoñedo e Lugo, e outra que queda dentro desta última.

Administrativamente habería que suliña-la situación en que se atopaba a Xurisdicción de Miraflores, dependente do Conde de Lemos, que estaba dividida polo lindeiro das provincias da Coruña e Betanzos, tal como acontecía con Carboeiro, compartido entre Santiago e Lugo (11). Aínda que constituía unha soa entidade a efectos xudiciais e de goberno político, debían contribuir en impostos e levas coa súa correspondente provincia, se ben o Catastro, fonte pouco fiable neste caso, indica que a vila de Sada era sufragánea da cidade da Coruña. Por outra banda, o Condado de Santa Marta de Ortigueira nalgúns repartos aparece incluído en Mondoñedo (12), sen que se saiba de certo o motivo desta particularidade.

Dentro da provincia, a Xurisdicción de Ferrol e A Graña gozaba dun estatuto especial, seguramente derivado da súa tardía adquisición pola Monarquía e debido ó seu carácter militar de estaleiro naval. O certo é que no 1737 quedaron segregados

---

(10) RÍO BARJA, F. J. e VIDAL, M. M. "Mapa de las jurisdicciones de la Provincia de Mondoñedo en el XVIII". En: *Cuadernos de Estudios Gallegos, XXXVI*. Santiago, 1988, p. 169-177; SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. *Economía, política y sociedad en Galicia: la Provincia de Mondoñedo, 1480-1830*. Santiago, Universidade, 1985, p. 458.

(11) GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, J. M. "Una aproximación a diversos aspectos de la administración de justicia señorial en la Galicia del Antiguo Régimen". En: *Rev. del Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses*, 22. A Coruña, 1986, p. 150.

(12) SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. Comunidades campesinas, xurisdiccións ..., *opus cit.*, p. 132, nota 38.

da dependencia betanceira no que respecta ós repartimentos reais (13).

Baixo o dominio de José I Bonaparte aprobouse un proxecto de división prefectual inspirado por LLorente que foi sancionado polo Decreto de 17-IV-1810. Desaparecían as antigas provincias e Galicia quedaba repartida en catro prefecturas, abarcando a da Coruña as subprefecturas da capital, Santiago e Corcubión, polo que Betanzos perdía a súa calidade de cabeza provincial (14). Aínda que nunca chegou a poñerse en práctica, prefigurou con bastante exactitude a división liberal de 1822.

Co establecemento da Constitución de Cádiz e da Deputación de Galicia, no 1813 o territorio do Reino queda estructurado en tres xefaturas políticas, superando por primeira vez o marco tradicional das sete provincias. Axiña se instalarán os partidos xudiciais, restablecidos despois da paréntese absolutista. O Real Decreto de 12-III-1822 sancionou a creación das catro provincias actuais, provocando as protestas do Concello de Betanzos, que rexeitaba a capitalidade herculina, e unhas veces pedía que se trasladase a calquera outro lugar, mentres que noutras excitaba ós concellos limítrofes (Coirós, Monfero, etc.) a pedir abertamente a capitalidade na urbe betanceira. Nembargantes, o proxecto de Javier de Burgos chegará a consolidarse e o 21-XI-1835 queda instalada a Deputación Provincial da Coruña, estando representado o Partido de Betanzos por D. José Romay, o de Ferrol por D. Antonio Pardo, o de Pontedeume por D. Patricio Rodríguez e o de Santa Marta de Ortigueira por D. Juan Montenegro (15).

## II. A COMPARTIMENTACIÓN XURISDICCIONAL DA PROVINCIA DE BETANZOS

Aínda que ó longo do traballo recollemos datos que nos permiten vislumbra-la evolución dalgunhas xurisdiccións, esencialmente utilizamos o *Nomenclátor* de Floridablanca (1789) como referencia de base, o que nos leva a un estadio xa serodio. El dinos as xurisdiccións *de jure* que nese tempo existen (16).

Pero para enriquecer ese contido, de tal maneira que polo menos queden abertas portas a futuras investigacións, utilizamos tamén diversos *expedientes de alistamento militar* que existen no Arquivo Municipal de Betanzos, sobre todo do primeiro tercio do s. XIX, de tal xeito que tódolas datas e citas textuais que non teñan referencia *in*

---

(13) Na pregunta 2ª do Interrogatorio pode lerse:

"*... es esta Capital de el Departamento de Marina, y desde el [año] de treinta y siete separada de la Provinzia de Betanzos, y libre con la Villa de la Graña de toda clase de repartimientos, que por dicha Ciudad de Betanzos venían*".

(14) GONZÁLEZ MARIÑAS, P. Las Diputaciones Provinciales en Galicia ..., *opus cit.*, p. 47. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. *Historia Contemporánea de Galicia, IV, Economía y Sociedad.* Vigo, Gamma, 1984, p. 82-83.

(15) GONZÁLEZ MARIÑAS, P. Las Diputaciones Provinciales en Galicia ..., *opus cit.*, p. 122. BRAIS DA BOUZA. "No nos hicieron caso". En: *Anuario Brigantino 1983, 6.* Betanzos, 1984, p. 59-65.

(16) "*ESPAÑA DIVIDIDA EN PROVINCIAS E INTENDENCIAS, Y SUBDIVIDIDA EN PARTIDOS, CORREGIMIENTOS, ALCALDIAS MAYORES, GOBIERNOS POLITICOS Y MILITARES, ASI REALENGOS COMO ORDENES, ABADENGO Y SEÑORIO: OBRA FORMADA POR LAS RELACIONES ORIGINALES DE LOS RESPECTIVOS INTENDENTES DEL REYNO, A QUIENES SE PIDIERON DE ORDEN DE S. M. POR EL EXCMO. SR. CONDE DE FLORIDABLANCA, Y SU MINISTERIO DE ESTADO EN 22 DE MARZO DE 1785 CON UN NOMENCLATOR, O DICCIONARIO DE TODOS LOS PUEBLOS DEL REYNO, QUE COMPONE LA SEGUNDA PARTE*". 2 v. Madrid, Imprenta Real, 1789. Consultado no Arquivo Histórico Universitario de Santiago.

*situ* son sacados desta documentación. Tamén o *Diccionario Geográfico Universal ...* (=DGU) que foi editado entre 1831 e 1834: frecuentemente copia ou readapta case coas mesmas palabras o que di o Diccionario de Miñano (Madrid, 1826), pero actualiza as cifras e outros datos; resulta particularmente interesante a súa utilización por canto é un diccionario xeográfico case descoñecido e menos citado (17). Xunto a isto, o *Diccionario* de Madoz (aínda que tardío para o noso caso, xa que empeza a editarse no 1845) axudounos a delimitar algunhas parroquias antigas (18). E ademáis, o mapa de Galicia de Tomás López (1785), os de Cornide relativos a Galicia da *España Sagrada*, os mapas 1/50.000 do Exército e, naturalmente, o *Mapa de Parroquias* (19).

Engadimos tamén os datos dun vecindario incompleto de 1816/17 que se fixo por motivos de alistamento militar e que se conserva no Arquivo Municipal de Betanzos. A isto xuntamos puntualmente outros das *Memorias* de Larruga (20) etc.. Deste xeito, aínda que non sistemáticamente, ó mesmo tempo que delimitamos xurisdiccións e parroquias, que é a nosa meta esencial neste apartado, deixamos outras referencias socioeconómicas que haberá que completar e sistematizar noutros traballos.

---

**Couto e xurisdicción de Abegondo**

13,375 $km^2$. De señorío eclesiástico por parte do Cabildo de Santiago, ten ó frente unha Xusticia Ordinaria que no 1809 constatamos que está representada por Don Ventura Rodríguez Abellón e no 1829 por Don José García. Arceb. de Santiago.

Parroquias:

ABEGONDO, Stª Baia de. 282 habitantes (DGU,t.I,1831).

FOLGOSO, Stª Dorotea de. "*Pobl. 183 hab. Situada en terreno montuoso. Produce: trigo, centeno, maiz y poco vino*" (DGU,t.III,1831).

**Couto e xurisdicción de Anca e Viladonelle**

11,125 $km^2$. De señorío secular por parte do Conde de Lemos ten ó frente unha Xusticia Ordinaria. Frecuentemente aparece asociado ó coto do Pedroso ("*Pedroso y Anca*"). "*Martín de Permui Juez y Justizia hordinaria del coto de Anca*" (1811). 26 veciños (=v.) en 1816/17. "*Dn Luis Fojo Alcalde y Justicia Real y hordinaria*" (1829). "*D. Manuel Díaz Alcalde Real ordinario*" (1830). Arcebispado de Santiago.

Parroquias:

ANCA, S. Pedro de. 760 hab. (DGU,t.I, 1831). "*Entre este pueblo y el de Neda y los rios Velelle y Narahio, se hallan unas ruinas que se cree son las del pueblo llamado por los Romanos Lebunca*" (DGU,t.I,1831).

VILADONELLE, S. Andrés de.

---

(17) "*DICCIONARIO GEOGRÁFICO UNIVERSAL ... redactado de los más recientes y acreditados diccionarios de Europa, particularmente españoles, franceses, ingleses y alemanes. Por una Sociedad de Literatos: S. B. M. F. C. L. D. Barcelona, Imprenta de José Tomer, 1831*" e ss. Agradecemos a Don Ignacio Nóvoa Cisneros que nolo houbera xentilmente deixado consultar, ó tempo que nos facilitaba moitas e valiosas informacións relativas ó tema, que él coñece polo seu agarimo a Galicia e como ilustre militar que é.

(18) MADOZ, P. *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid, "*Est. Literario-Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti*", 1845 e ss.

(19) MIRALBÉS BEDERA, R. e outros. *Mapa de límites de las parroquias de Galicia*. Santiago, Universidad, 1979.

(20) LARRUGA, E. *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España*. Madrid, 1787-1800.




*A antiga provincia de Betanzos no "Mapa Geográfico del Reino de Galicia" de Don Tomás López (1784).*




*A xurisdicción de Árbol, da provincia de Betanzos, illada na de Lugo.*

**Couto de Andel e Rigueira**

O Nomenclátor de Floridablanca (1789) non o contempla como xurisdicción, pero a súa presencia de raíz antiga vémola nos documentos. Por outra parte, parece que en datas posteriores recuperou o carácter de xurisdicción, aínda que fose brevemente: "*Miguel Tenreyro Teniente de Juez del Coto de Andel y Rigueira*" (1829). Según o "*Diccionario Geográfico Universal*" (t.I,1831) ten un xuiz ordinario e estaba integrado este couto nese momento na xurisdicción de Callobre. 240 hab. (DGU,t.I,1831).

**Couto e xurisdicción de Árbol**

68,625 km$^2$. É de señorío eclesiástico por parte do Cabildo de Santiago a través dunha Xusticia Ordinaria. "*Don José García de Prado Alcalde Real y ordinario del Coto de San Lorenzo de Arbol y agregados*" (1829). Véxase máis adiante no punto III, apartado B.

Parroquias:

ÁRBOL, S. Lourenzo de. Bispado de Mondoñedo. Unha parte desta parroquia pertence á Xurisdicción de Vilalba na provincia de Lugo. 786 hab. (DGUt.I,1831) sen a parte luguesa. Terreo "*montuoso*" que produce centeo e algún mainzo.

RIOABESO, Stª Aia de.

VILAPEDRE, S. Mamede de.




*As xurisdiccións de Ares e Mugardos.*

**Vila e Xurisdicción de Ares**

18 $km^2$. De señorío eclesiástico por parte do Cabildo de Santiago con Xusticia Ordinaria. "*D. Pedro Gomez Valladares Juez y xusticia ordinaria en esta Villa y xurisdicion de Ares*" (1809). Don José Gómez ocupa ese cargo no 1829. Ten Alcalde Real Ordinario según o DGU. Arceb. de Santiago.

Parroquias:

ARES, Vila de, "*y sus arrabales*". 3168 hab. (DGU,t.I,1831). Ten unha parroquia formada pola aldea de "*Mechael*". "*Situada al Sur del Ferrol, + (=media) legua de la ria llamada de Junquera, que forma una ensenada segura y abrigada de los vientos del Oeste y Norte. Es uno de los puntos de defensa del departamento de marina, con cuyo obgeto se situaron las 3 baterias del arsenal y puerto de Redes. Se hace en ella una pesca considerable de sardina, de que hay grande estraccion para otras provincias e interior de Galicia. Igualmente se estraen grandes cantidades de vino para el puerto del Ferrol. Producciones: trigo, cebada, maiz, vino, habas, linos y frutos. Industria: salazon de sardina*" (DGU,t.I,1831).

CAAMOUCO, S. Vicente de. Arceb. de Santiago. "*1120 hab. Sit. sobre la ria del Ferrol, entre esta y la de Betanzos. Prod.: granos, legumbres, pastos y ganados*" (DGU,t.II,1831).

CERBÁS, S. Pedro de. Arceb. de Santiago. "*805 hab. Sit. en la falda del elevado monte Faro, en cuya cima se halla un convento de frailes. Produce: vino, trigo, cebada, maiz, habas, lino y frutas*" (DGU,t.II,1831).

**Couto e xurisdicción de Babío**

2,5 $km^2$. De señorío eclesiástico e secular, teñen a súa titularidade en 1789: un Xuiz Ordinario polo convento de Santo Domingo da Coruña; D. Joseph Bañales; D. Antonio Pedrosa, e D. Ramón de Seixas. "*Don Joseph Perez Juez y Justicia hordinaria en dicho coto y f*$^a$" (1810). Arceb. de Santiago.

Parroquias:

BABIO, St$^a$ Marta de. 230 hab. en 1831. Componse das aldeas de Babío, Casal, Monte e St$^a$ Marta de Arriba.

**Couto de Belelle**

Non aparece como xurisdicción no Nomenclátor de Floridablanca (1789). Atópase correntemente incluido na Xurisdicción de Caaveiro. Tamén aparece ás veces como couto de Nogueirosa e Belelle. Véxase máis adiante no punto IV.

**Couto de Bemantes**

Existía como tal no s. XIV. Ver esta parroquia na xurisdicción da Alcaldía Maior de Pontedeume e no punto III, apartado B, deste traballo.

**Cidade e Xurisdicción de Betanzos**

244,475 $km^2$. A cidade de Betanzos é a cabeza dunha Xurisdicción Real e ó mesmo tempo capital da Provincia do seu nome.

"*Betanzos, provincia de España en Galicia, y una de las siete en que se divide. Tiene 52 jurisdicciones* [este número é variable no tempo] *que comprenden 260 pueblos, ... La estension de su territorio es de 50 leguas de superficie, de las cuales 16 son de cultivo, y las restantes de monte: aquellas que son las de la parte Oeste, producen trigo, maiz, vino, centeno y mucha fruta; estas otras que están hacia el Este, surten de gran cantidad de madera de roble y castaño para los arsenales del Ferrol. Hay en ella los puertos de Espasantes, el de Santa Marta, que solo sirve para barcos pequeños; el de Cariño, adonde se conduce la pesca de sardina; el de Cedeyra, donde entran fragatas de 30 cañones; el de Doniños, la Graña, Seixos y Mugardos, Ares, Puentes de Ume y los de Fontan y Sada capaces de buques mayores. La ria de Santa Marta, que se interna mas de 2 leguas se forma del rio Mera, que entra en ella por la parte del S. La de Cedeyra se forma de 3 riachuelos que recibe por la parte del N.; y la célebre ria del Ferrol, que se estiende 1,5 leguas hasta llegar al puente de Jubia. Produce mucha pesca de sardina que es uno de los prin-*

*cipales manantiales de la riqueza de esta provincia. En sus costas están el Cabo Ortegal ó Promontorium Trileucum de los antiguos, el Cabo Prioiro y varias ensenadas. Los habitantes se dedican, unos a la agricultura, otros a la pesca y otros a los trabajos de los arsenales del Ferrol y al servicio de la marina. Las mugeres trabajan los linos y cáñamo, fabrican lienzos, redes para pescar; y muchas calzetas y medias que venden en los mercados y los traficantes de otros paises. Divídese esta prov. de la de la Coruña á media leg. escasa de la aldea de Fontán, pasando por las feligresías de Mondego, Dorneda, Oleyros, Cambre, Sigras y Vigo, que deja a la banda del Oeste. Desde allí principia a dividirse de la de Santiago, y dirigiendose la línea algo inclinada al S.E., pasa por las feligresías de Figueroa, Meangos, Cerneda, Cullergondo, Precedo* [Presedo], *Figueriredo* [Figueiredo], *Probaos, Loureda y Dordaño, que todas quedan dentro de esta. Dirígese luego la línea al S., faldeando el monte de la Teeira, y sigue dejando también dentro de sus límites los pueblos de Curtes, Curtis, Fojado, Roade, el monasterio y lugar de Sobrado, y el de Rodieiros, terminándose por esta parte en la feligresía de Jubial, punto en donde concurre la división de esta provincia con las de Santiago y Lugo. Allí tuerce la línea hacia el N.E. pasando por San Antolin, que es de la de Lugo, y por junto el lugar de Porto Salgueiro en la de Betanzos. Ultimamente sigue de aquí con mucha mayor inclinación al N., dejando en su parte oriental las feligresías de Anafreita, Mariz, Portobello, los Villares, Cazas, Moman, y Miraz, y por la occidental la Panda y Aparral desde donde como media legua al N.E., termina la división de la provincia* [matizamos estes límites nos mapas adxuntos], *concurriendo con la que va indicada de Mondoñedo*" (DGU, t.II, 1831).

"*Betanzos...capital de la provincia y jurisdicción de su nombre, arzob. y a 9 leguas N. de Santiago, con corregidor de tercera clase, y tribunal eclesiástico foráneo. Población 5.035 hab. Tiene 2 parroquias y 2 ausiliares, 2 conventos de frailes, uno de monjas, casa consistorial, archivo magnífico, hospital, cuartel para las milicias, caja de correos; casa de postas con 8 caballos y administración subalterna de loterías. Sus casas consistoriales son obra del siglo pasado* [s. XVIII] *diseñadas por el celebre arquitecto D. Ventura Rodríguez: consta la fachada de un cuerpo almohadillado y de un jónico encima que comprende el cuarto principal, el escudo de armas reales y dos inscripciones. Situado en la falda de una pequeña colina, a orillas de la ria de su nombre, sobre la cual tiene un puente nuevo de piedra, otro viejo de madera, y entre los rios Cascas y Mandeo que desagua en ella, y otro de piedra sobre el Mandeo bastante grande, por donde sale el camino que va al Ferrol. El terreno está bien cultivado y rodeado de viñas y huertas. Produce trigo, maiz, castaña, vino y otros frutos de escelente calidad; abunda en pescados de río y de mar, y en toda clase de comestibles. Industria: fábrica de curtidos, otra de velas de sebo, otra de alfarería, y tráfico de panadería y lencería; comercia en vino, zapatos, tablazón, sardina, y otros productos del país. Celebra feria el día 1° de cada mes, y mercado todos los jueves. El clima es muy templado en invierno, y en verano suele sentirse demasiado el calor. Se dice que es la ciudad mas antigua de Galicia, pero no conserva monumento ni vestigio digno de atención. Hízola ciudad el rey D. Enrique IV en 1465. Hace por armas un puente de tres arcos sobre aguas y en el centro una torre entre seis roeles, y en timbre una corona. Debajo del altar mayor de la parroquia de Santa María se encontró una preciosa lápida árabe cuya inscripción es el epitafio de Abu-Chajaj Yusuf descendiente de los Califas, que murió de la peste el último día del mes de Ramazan del año 891 de la Egira. Dista 3,5 leguas E. de la Coruña, 9 N. de Santiago, 12 O. de Lugo y 96 N.O. de Madrid*" (DGU,t.II, 1831).

"*Betanzos, ría de España en Galicia, prov. de su nombre; principia entre la punta de Coitelada y la Peña Maróla, internándose casi 3 leg. hasta la ciudad. A los 3/4 de leg. N. se halla el puertecito de Ares, al E. de Puente-de-Ume y al O. el de Sada, donde empieza a estrecharse por en frente del puertecito de Fontán, que está á la parte de O. á 2 leg. de Betanzos. Al llegar a la aldea de Bergondo, se puede considerar el ancho de la ría como de 1/4 de leg., que luego disminuye considerablemente hasta Betanzos, donde no obstante sube uno que otro patache con la marea. Desaguan en ella por el E. los rios Ume, Bajoi y Lambre, y por el S. el Mandeo (Florius). Abunda en todo genero de pesca, y sus lenguados y acedias son estimadas por su esquisito sabor*" (DGU,t.II,1831).

"*En la ciudad de Betanzos, por privilegio Real del Señor Don Fernando, su data en Valladolid á 8 de Febrero, Era de 1341 años, concedió la*

*merced de que pudiese hacer feria en el primer dia de cada año, en el campo inmediato á la cerca de dicha Ciudad. Se acostumbra y practica dicha feria en los meses de Mayo, Junio, Julio, Agosto, Septiembre, Octubre, y en el de Noviembre, aquel día, el de San Martín y San Andrés 11 y 30 del mismo, sin usar, ni hacer feria en los de Diciembre, Enero, Febrero, Marzo y Abril*" (Larruga, *Memorias* ..., 1787-1800).

Parroquias:

Nas realengas a xurisdicción está exercida polo Correxidor de Betanzos. Pero hai algunhas que ademais de ser realengas tamén son de señorío secular e nestes casos o Correxidor comparte a xurisdicción cos señores correspondentes.

ARMEA, S. Vicente de. De realengo. Arceb. de Santiago. 26 v. (1816/17). É anella de Colantres según o DGU. "*125 hab. La cerca el rio Mandeu por el N. y el Mende por el S. Produce granos, lino, vino y habas; y tiene buenos prados*" (DGU,t.I,1831).

BERGONDO, S. Salvador de. De realengo. Arceb. de Santiago. "*Población 1515 habitantes con Morujo, aneja de San Martín de Santiago. Se compone de las aldeas de Baliño, Bergondiño, Burato, Campiña, Carreo, Cobas, Cortes, Lisras, Mariñán, Miodelo, Outeiro, Pena, San Isidro, Sayoso y Montecelo. Su situación y la de su anejo Morujo, es una deliciosa campiña junto a la ria de Betanzos. El ancho que por aquí tiene la ria puede ser como 1/4 de legua, y se disminuye considerablemente hasta la capital; pero no obstante sube alguno que otro patache con la marea. Desagua en ella por el E. el rio Lambre, que nace cerca del monasterio de Monfredo* [Monfero]*; trae como unas tres leg. de curso, y entra en el mar por en frente de Bregondo* [Bergondo]*. Tambien desagua en ella por el mismo rumbo cerca de Betanzos el rio Mandeu, que nace en la inmediacion del lugar de Grijalba, á 5 leg. al S.E. de la ciudad, recogiendo por una y otra parte diversos riachuelos. Por la parte del S. van tambien parar en ella las aguas del rio Mendo, que tiene 3 leg. de curso. Produce legumbres y vino*" (DGU,t.II,1831).

BORRIFÁS [ou Borrifáns], S. Pedro de. De realengo. Arceb. de Santiago. " *Población 484 hab. Este pueblo forma en la mayor parte, una especie de valle poblado de varias clases de robles, entre los montes de Teeyra, y San Gregorio al S.E., los de Bascoy y Alto al O., los de Edreira y Dordaño á Coto dos Leiros al N., y los de Cabruy a Bascoy al S. Tiene media leg. de largo y 1/4 de ancho de N. S. Produce tojos, queiroas y felgazarzas que llaman silvas, trigo, maiz, centeno, avena, legumbres, y pocos y malos pastos, donde se cria algun ganado lanar, vacuno y cabrío. Industrias: cuatro molinos harineros que dan movimiento las aguas de un arroyuelo que nace en la sierra de Cabruy*" (DGU,t.II, 1831).

BRAGAD, S. Mamede de, "*y partido de Cesuras*" [parroquia e aldea respectivamente]. De realengo. Arceb. de Santiago. 37 v. (1816/17). "*Población 524 habitantes...Producción* [semellante a Borrifás]..." (DGU,t.II,1831)

BRAVÍO, S. Martiño de. De realengo. "*Parroquia aneja á la de Santiago de Betanzos ... arzob. de Santiago. Pobl. 170 habitantes. Situada a orillas del rio Meside* [sic., refírese ó río Mendo] *en una cañada muy inmediata á la ciudad, junto al camino real de Castilla. Produce: maiz, algun trigo y mucho vino. Industrias: molinos harineros*" (DGU,t.II,1831).

CABANAS, S. Xulián de. De realengo. "*Población 202 habitantes*" (DGU,t.II,1831).

CAÑÁS, Stª Aia (ou Baia) de. De realengo. "*Pobl. 460 hab. Situada en los confines de esta provincia con la de la Coruña, sobre la margen izquierda de un rio que trae su origen del valle de las Encrobas y confluye en el Mero, entre las parroquias de Crendes y Bribes*" (DGU,t.II,1831).

CECEBRE, S. Salvador de. De realengo. Arceb. de Santiago. 112 v. (1816/17). "*Pobl. 588 hab. Se compone de las aldeas de Aldea de Arriba, Barrio, Campanario, Canal, Espíritu Santo, Fraiz, Lendoizo* [sic.], *Mediavila, Pazo, Piñeiro, Quintan y Sobrejeje. Sit. en la margen derecha del rio Mero, que desagua en la ria de la Coruña. Produce granos, legumbres, patatas, lino y pastos, y cria ganado*" (DGU,t.II,1831).

CERNEDA, S. Salvador de. De realengo. *32 v. (1816/17). "Arzob. de Santiago, arciprestazgo de Abegondo ... Población 146 hab.. Es aneja de Santa María de Presedo. Situada en una colina que divide las aguas del rio Mero de las del valle de Barcia. Tiene caza. Produce: trigo, centeno, maiz y poco vino*" (DGU,t.II,1831).

CINES, S. Nicolás de. De realengo. "*Arzob. de Santiago... Pobl. 349 hab. Tiene un priorato de monjes Benitos dependiente del monasterio de San Martín de Santiago. Produce: trigo, maiz, cebada, yerba y ganado vacuno*" (DGU,t.II, 1831).




*Xurisdiccións de: Abegondo, Babío, Betanzos, Brives, Callobre e Vilachá, Fervenzas, Fisteus, Leiro e Bañobre, Mabegondo, Mántaras, Miraflores, Oza, Parada, Perbes e Vilamourel.*

COIRÓS, S. Xulián de. De realengo. 65 v. (1816/17). "*Pobl. 207 hab. Situada entre los rios Mandeu y Mendo. Produce: granos, vino, lino, patatas y pastos*" (DGU,t.II,1831)

COLANTRES, S. Salvador de. De realengo. "*Arzob. de Santiago ... Pobl. 270 hab. Su parroquia comprende el pueblo de Queirís, y tiene por aneja la de Armea. Situada en la carretera real de Madrid-Betanzos. Báñala por el N. el rio Mandeu, y por el S. el Mendo. Produce: granos,*

*vino, lino, patatas, habas y otros legumbres, y tiene prados*" (DGU,t.II,1831).

CORTIÑÁN, Stª María de. De realengo. "*Arzob. de Santiago... Pobl. 207 hab. Situada en la carretera que conduce desde Betanzos á la Coruña, en terreno despejado, sin que tenga en sus alrededores ningún monte de consideración sino el de Santa María [sic.]de Bavio. Su término se estiende media legua corta. Produce: regaladas frutas, vino de inferior calidad, trigo, maiz y algún centeno*" (DGU,t.II,1831).

COS, S. Estevo de. De realengo. "*Pobl. 118 hab.*" (DGU,t.II,1831).

CUIÑA, Stª María de. De realengo. "*Pobl. 445 hab. inclusos los de San Esteban de Vivente. Sit. á la derecha y 1/3 de legua de distancia del rio Mero, en un valle delicioso; domínala, por el E. una cordillera bastante elevada, que divide las aguas de los rios Mero y Mendo. Produce: granos, legumbres, lino y pastos, y cria ganado*" (DGU,t.II,1831).

CULLERGONDO, Stª María de. De realengo. *49 v. (1816/17)*. "*Arzob. de Santiago... Pobl. 200 hab. Sit. en terreno montañoso, estendiendo su termino como media leg. cuadrada. Produce: grano, lino, patatas y pastos, y cria ganado*" (DGU,t.II,1831).

DORDAÑO, De realengo.

ESPENUCA, Stª Aia de. Está citada polo Nomenclátor de Floridablanca e así mesmo como "*parroquia de ...*" aparece no vecindario de 1816/17. De realengo. "*Aldea...* [xa non é parroquia] *Pobl. 180 hab. Situada cerca del camino real de Madrid á la Coruña, á orillas del Mandeo. Produce: maiz, centeno, poco trigo, algun vino y castañas*" (DGU,t.III,1831).

FIGUEIREDO, Stª María de. De realengo. "*Pobl. 204 hab. Situada en la margen derecha del rio Mero. Produce: granos, lino, patatas, y pastos*" (DGU,t.III,1831).

FILGUEIRA DE BARRANCA, S. Pedro de. De realengo. "*Arzob. de Santiago... Pobl. 322 hab. Su parroquia está unida á la de San Salvador de Trasanquelos; situada en terreno montuoso, -al pie de una cordillera que le domina por el Oeste, la cual sigue desde los montes de la Tieira hasta el mar. Produce: trigo, maiz, centeno, avena, legumbres, etc. pocos pastos, y cría algun ganado lanar, vacuno y cabrío*" (DGU,t.III,1831).

FIGUEIROA, S. Miguel de. De realengo e máis de señorío secular, exercen a xurisdicción o Correxidor de Betanzos e unha Xusticia Ordinaria que representa ó Marqués de Figueiroa (1789). "*Pobl. 436 hab. Sit. en la margen derecha del rio Barcia. Produce: granos, maiz, lino y pastos*" (DGU,t.III,1831).

LEIRO, Stª Aia de. De realengo. 31 v. (1816/17). "*Arzob. de Santiago. Pobl. 231 hab. Sit. en la margen izquierda del rio Mero. Prod. maiz, centeno y trigo, y cría ganado*" (DGU, t. V, 1832).

LIMIÑÓN, S. Salvador de. De realengo. "*Arzob. de Santiago. Pobl. 212 hab. Sit. en la margen derecha del rio Mero. Prod. trigo, maiz, cebada y pastos, y cria ganado*" (DGU, t.V,1832).

LOUREDA, S. Estevo de. De realengo. "*Arzob. de Santiago. Pobl. 326 hab. Sit. en la margen derecha del rio Mero, y en la falda occidental del monte de San Juan de Medela. Prod. maiz, centeno y trigo, y cria ganado*" (DGU,t.V,1832).

MANDAIO, S. Xulián de. De realengo. 67 v. (1816/17). "*Pobl. 360 hab. Sit. en una especie de valle no muy lejos de San Pedro de Borrifáns. Prod. tojos, quenoas [sic.] y felgazarzas, que llaman silvas, trigo, maiz, centeno, avena, legumbres y pocos y malos pastos*" (DGU,t.V,1832).

MEANGOS, Santiago de. De realengo.

MONDOI, Stª. Cruz de. De realengo. 43 v. (1816/17).

MORUXO, S. Vicente de. De realengo.

OBRE, S. Andrés de. De realengo. 38 v. (1816/17).

OIS, Stª María de. De realengo.

OIS, Santiago de. De realengo. 52 v. (1816/17).

PETEIRO, "*Coto de*". Non aparece no Nomenclátor de Floridablanca, pero si nun expediente de rendas e impostos (A.M.B.) sen data, que podería ser da segunda metade do s.XVIII ou comenzos do XIX. Quizais sexa o Peteiro de Stª Mariña de Rois.

PIADELA, S. Estevo de, e "*Partido de Guiliade*" (1807). De realengo.

PONTELLAS, Stª María de. De realengo. En 1807 tamén se nomea "*Castro y Pontellas*".

PORZOMILLOS, S. Pedro de. De realengo.

PRESEDO, Stª María de. De realengo.

PROBAOS, Stª Aia (ou Baia) de. De realengo.

QUINTAS, S. Estevo de. De realengo.

REQUIÁN, Santiago de. De realengo.

ROIS, Stª Mariña de. De realengo e de




*Xurisdiccións de Caaveiro e Reguela.*

señorío secular, exerce a xurisdicción o Correxidor de Betanzos e máis unha Xusticia Ordinaria por parte de Don Lucas Sánchez de Boado (1789). Quizais conteña o couto de Peteiro.

SALTO, St° Tomé de. De realengo.

SARANDÓS, Stª María de. De realengo. 106 v. (1816/17).

SOUTO, Stª María de. De realengo.

TABEAIO, S. Martiño de. De realengo.

TIOBRE, S. Martiño de. De realengo.

TRASANQUELOS, S. Salvador de. De realengo.

VIGO, S. Vicente de. De realengo.

VILACOBA, St° Tomé de. De realengo.

VILLOZÁS, S. Salvador de. De realengo.

VIÑAS, S. Pantaleón das. De realengo.

VIÑAS, S. Pedro das. De realengo.

VIÓS (ou Vións), S. Salvador de. De realengo. 34 v. (1816/17).

VIVENTE, S. Estevo de. De realengo.

VIXOI. S. Pedro Fiz de. De realengo.

VIZOÑO, S. Pedro de. De realengo.

### Couto de Breamo

Véxase esta parroquia na xurisdicción da Alcaldía Maior de Pontedeume.

### Couto e xurisdicción de Brives

3,75 km$^2$. De señorío eclesiástico e señorío secular, exerce a xurisdicción unha Xusticia Ordinaria por parte do mosteiro de San Martiño de Santiago da orde de San Bieito. "*Juez Ordinario. Población 233 hab. Sit. en los confines de esta provincia con la de la Coruña, orillas de un arroyuelo que desagua en el rio Mero*" (DGU,t.II,1831).

Parroquias:

BRIVES, S. Cibrán de.

### Xurisdicción de Caaveiro

178 km$^2$. De realengo exerce a xurisdicción unha Xusticia Real Ordinaria. "*Don Joaquín Maldonado Ponze de León Juez por S.M. de esta Jurisdicion de caaveiro*" (1809). Según o DGU,t.II,1831, ten Alcalde Ordinario. Contén o antigo coto de Belelle.

Parroquias:

BELELLE, "*Coto de*". Non aparece especificado no Nomenclátor de Floridablanca. 14 v. (1816/17).

BERMUI, Santiago de. 49 v. (1816/17). "*Arzob. de Santiago...Pobl. 216 hab. Sit. en la margen derecha del rio Canteiras; y en la otra parte del rio tiene enfrente el monte de Peña-do-Curro*" (DGU,t.II,1831).

CABALAR, Stª María de. 57 v. (1816/17). "*Arzob. de Santiago...Pobl. 308 hab.: tiene por anejo San Braulio de Caabeiro. Produce tejos y cría ganado caballar, centeno, maiz, poco trigo y avena. Industria: conducción de leña a los puertos del Ferrol, Mugardos, Villa de Neda y*

*Puente de Hume*" (DGU,t.II,1831). Debe ser nesta parroquia onde se atopa o couto de Cabalar, que xunto ó de Fronzal, do Conde e "*Quarto de S.E.*" aparecen ás veces unidos (1808) á xurisdicción de Meroi.

CENTROÑA, Stª María de. 68 v. (1816/17). *"Pobl. 310 hab. Sit. en la parte meridional de la ria de Puente de Eume. Domínala al S. la altura de Monte Breamo, y está circuida del mar por N. y O. Produce granos, legumbres, lino, y pastos para ganado"* (DGU,t.II,1831)

HOMBRE, Stª María de. 138 v. (1816/17).

MEHÁ, S. Vicente de. 80 v. (1816/17).

MIÑO, Stª María de. 163 v. (1816/17).

NOGUEIROSA, S. Cosme de. 127 v. (1816/17).

PIÑEIRO, S. Xoán de. 46 v. (1816/17).

PORTO, S. Martín de. 122 v. (1816/17).

VILAR, S. Pedro de. 111 v. (1816/17).

**Vila e xurisdicción da Alcaldía Ordinaria de Pontedeume**

De señorío secular, ten Alcalde Ordinario polo Conde de Lemos.

Parroquias:

BARALLOBRE, Santiago de. 120 v. (1816/17). Arceb. de Santiago. 823 hab. en 1831. "*Tiene una parroquia con una aneja. Prod.: granos, maiz, poco vino y mucha fruta. Indust.: fabr. de curtidos y marinería*" (Madoz).

BOEBRE, Santiago de. 75 v. (1816/17). "*Pobl. 258 hab. Situada á orillas de la ria de Betanzos y Sada, en la carretera que conduce de aquella capital á Puente de Ume*" (DGU, t.II,1831).

DOROÑA, Stª María de. No Nomenclátor de Floridablanca aparece como pertencente á xurisdicción do Alcalde Maior e máis do A. Ordinario, pero é nesta última onde aparece repetidamente na documentación. 149 v. (1816/17). "*Pobl. 624 hab.* (DGU,t.III,1831)

FENE, S. Salvador de. 101 v. (1816/17). "*Arzob. de Santiago. Pobl. 614 hab. Su parroquia, que es la última al Norte del arzobispado, comprende las aldeas de Cadabo, Casanova, Chamozo, Formosende, Fouto de Campo, Sartejo y Souto das Fojas. Tiene 1/4 de legua de N. S. y la octava parte de E. á O. Produce vino, trigo, centeno, cebada, maíz, patatas, lino, habichuelas y hortaliza. Tiene de 10 á 12 molinos harineros y una aceña; las mugeres se dedican á la panadería*" (DGU,t.III,1831)

FRANZA, Santiago de. 181 v. (1816/17). "*Arzob. de Santiago...Pobl. 976 hab. Su parroquia comprende el puerto de Seijo. Sit. en una llanura bastante frondosa, con cielo despejado y benigna temperatura, está separada del Ferrol por la ría que tiene poco mas de media legua en esta parte. Produce vino en abundancia, maiz y cebada; trigo, algun centeno y lino, castañas, habas y patatas* (DGU,t.III,1831).

GRANDAL, S. Pedro de. No Nomenclátor de Floridablanca aparece como pertencente á xurisdicción do Alcalde Maior e máis do A. Ordinario, pero é nesta última onde aparece con máis frecuencia na documentación. 124 v. (1816/17).

GÜIMIL, S. Cristobo de. 41 v. (1816/17).

LARAXE, S. Mamede de. 80 v. (1816/17). "*Pobl. 379 hab. Sit. en terreno montuoso, con vertientes á la ria de Eume. Prod. maiz, trigo y vino, y cria algun ganado lanar, vacuno y de cerda*" (DGU,t.V,1832).

LIMODRE, Stª Aia de. 52 v. (1816/17). "*Arzob. de Santiago. Pobl. 254 hab. Su parroquia comprende los lugares de Afonte, Camino Real, Campanario, Castillon, Peña de Seijas, Rio, Castro y Souto Bello, y ella misma está unida á la de San Salvador de Maniños. Sit. sobre la ria que va á Puente de Eume. Pasa por su centro el camino que conduce desde el puerto del Seijo á Puente de Eume. Prod. trigo, maiz, centeno, cebada, vino, habas, patatas y toda clase de frutas*" (DGU,t.V,1832).

MAGALOFES, S. Xurxo de. 57 v. (1816/17). "*Pobl. 259 hab. Situada sobre la ria del Ferrol, cerca de su margen meridional. Produce trigo, cebada, maiz y vino*" (DGU,t.V,1832).

MANIÑOS, S. Salvador de. 119 v. (1816/17). "*Arzob. de Santiago. Pobl. 756 hab. Su parroquia está unida á la de Sta. Eulalia de Limodre. Es del arciprestazgo de Bezoucos y se compone de los lugares de Abeledo, Aldea, Armada, Baqueiro, Breda, Chauda, Couceiro, Omonte, Piñeiro, Prismos y Ribeira. Situada en frente del Ferrol por la parte de N.O. y O. intermediando la ria, y por E tiene una pequeña altura llamada el Castro de Prismos, en la cual hay restos de algunas antiguas baterias. Produce trigo, maiz, centeno, cebada, vino, habas, patatas y toda clase de frutas. Industrias: 2 fábricas de curtidos. Dista del Ferrol 1/4 de legua por mar y 3 por tierra*" (DGU,t.V,1832).

PERLÍO, S. Estevo de.

PONTEDEUME, Vila de. No Nomenclátor de Floridablanca aparece como pertencente á xurisdicción do Alcalde Maior e máis á do A. Ordinario, pero é nesta última onde aparece repetidamente na documentación (vecindario de 1816/17, etc.). "*En la Villa de Puente de Ume el último Domingo de cada*

---

(21) Para unha mellor información sobre as cartas reais de Pontedeume e outros aspectos, véxase o libro de, MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I., *Toponimia del Concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz*. A Coruña, Deputación, 1988.




*Xurisdiccións dos Casares, Meroi e as Pontes de García Rodríguez.*

*mes del año se celebra una feria en dicha Villa, donde concurren frutos de granos, diferentes mercaderes con paños, fábrica del Reyno de Castilla, ganado vacuno y otros géneros de mercadurías del Reyno; cuya feria se hace desde inmemorial tiempo á esta parte en virtud de privilegio de los Señores Reyes, que dice se hallan en pergamino, con su sello de plomo, que se halló en el Archivo de dicha Villa, y contiene otras franquezas. Estos privilegios* [(21)] *son del Señor Don Enrique, su fecha en Madrid á 16 de Mayo de 1464: este relaciona otro del Señor Rey Don Juan su padre, y del Señor Don Alonso, y del Señor Don Fernando, que fueron servidos conceder diferentes mercedes á favor de los pobladores de esta Villa, y entre ellas la de hacer mercado cada mes*" (Larruga, *Memorias ...*, 1787-1800). 414 v. (1816/17).

SILLOBRE, Stª Mariña de. 92 v. (1816/17).

TORRES, S. Xurxo de. 73 v. (1816/17). No Nomenclátor de Floridablanca figura nas dúas xurisdiccións de Pontedeume, na do Alcalde Maior e na do Alcalde Ordinario. De tódalas

---

(22) Pode verse unha interesante descripción e plano das Pontes e a súa comarca no traballo de, SORALUCE BLOND, José R. "Puentes de Gª Rodríguez y su comarca en el siglo XVIII". En: *Untia, nº 3, Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns*, Betanzos, 1987, p. 75-83.

maneiras, o vecindario de 1816/17 sitúa con claridade esta feligresía na xurisdicción da Alcaldía Ordinaria.

VILAMATEO, Santiago de. Na documentación (vecindario de 1816/17, etc.) aparece repetidamente na xurisdicción da Alcaldía Ordinaria, se ben no Nomenclátor de Floridablanca figura tanto nesa como na da Alcaldía Maior.

**Vila e Xurisdicción das Pontes de García Rodríguez** (22)

170,5 km$^2$. De señorío secular, ten Xusticia Ordinaria en representación do Conde de Lemos. "*En la Villa de las Puentes de García Rodriguez (... se gobierna por Alcalde ordinario) se celebra feria en el primer dia de cada mes, que dura un dia por costumbre: se compone de reses vacunas, cabrunas, ovejunas, cerdos, caballos y mulas, todo del Reyno, y granos: concurren algunos mercaderes con géneros de lanas, así paños como telas, y algunos Asturianos con fierro y potes de metal, clavazon y otras menudencias, azafran, lienzo y estopa, beatillas, mantecas, queso y algunas aves muertas, y otras vivas, todo de este dicho Reyno, excepto lo que conducen dichos Asturianos*" (Larruga, *Memorias* ..., 1787-1800).

Parroquias:

CABREIROS, Stª Mariña de. 49 v. (1816/17). "*Obisp. y á 6 leg. E. de Mondoñedo. Jurisdicción Ordinaria. Pobl. 288 hab. Su parroquia tiene un anejo. Se compone de cinco barrios que son: el Coto al S., Cabreiros al N., Touza al O., Chao en el centro y Labore al S.O. Tiene al E. un pequeño monte, y la bañan por N. y S. dos afluentes del rio Miño, el uno llamado Chancelos, y el otro de las Aceñas, que unidos corren hacia el S., dirigiendose al puente Trimaz, y desaguan en el Miño cerca de Lugo. Prod.: trigo, centeno, maiz, avena, mijo, lino, miel y frutas, toda especie de ganados, y muchos árboles*" (DGU,t.II, 1831).

DEVESO, Stª María Fiz do. 56 v. (1816/17). "*Obisp. de Mondoñedo. Pobl. 286 hab. Sit. en un monte de figura oblonga, que se estiende media legua de S. á N. y 1/4 de E. á O., flanqueado por dos arroyos que corren de S. á N. y se reunen en el mismo punto en que se separa esta parroquia de las de San Juan de Insua y Santiago de las Somozas. En el sitio de la confluencia, llamado Puente de Santochao, se forma un río que toma su nombre de los sitios que baña; pero es mas conocido generalmente con el de Rio Mera. Domínala por el S.E. la altura del monte Cajado, en donde nacen los citados arroyos, la cual es parte de la cordillera que comunica con la Carba y Arca de Montouto, y se dirige al cabo Ortegal; ciñendo el curso del Mera. Produce trigo, centeno, cebada, maiz, avena, patatas y castañas*" (DGU,t.III,1831)

ESPIÑÁREDO, Stª María de. 49 v. (1816/17). "*Obisp. de Mondoñedo. Pobl. 373 hab. Situada en las vertientes meridionales de un estribo de bastante elevación, que se desprende de la cordillera del Cajado, y termina en el Eume, enfrente de la sierra de Moncoro, en la confluencia del río Frai-Bermud. Sus aguas corren al Eume por medio de un afluente suyo que se pierde en el, entre la parroquia de Vilabella y Riba de Eume. Produce maiz, trigo, centeno y mucha leña*" (DGU,t.III,1831)

FREIXO, S. Xoán do. 201 v. (1816/17). "*Obisp. de Mondoñedo. Pobl. 1.400 hab. Sit. al pie del monte Cajado, en terreno montuoso, estendiendose su termino un radio de 1,5 leguas, entre las vertientes oriental del Cajado y la división de aguas al Mera y al Sor; su iglesia está construida en el pendiente de este último río*" (DGU,t.3,1831)

PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, Stª María das. 290 v. (1816/17). Non atopamos en ningunha parte a actual parroquia de S. Mamede das Pontes de G. R., probablemente porque estaba inserta na parroquia de Santa María e así o consideramos. Según o Dicc. de Madoz (1845) "*... tiene 3 calles medianamente empedradas con 56 casas ...*" VILAVELLA, Stª María de. 120 v. (1816/17).

**Xurisdicción de Pruzos**

64,25 km$^2$. De señorío secular, ten Xusticia Ordinaria en representación do Conde de Lemos (1789). No vecindario de 1816/17 atopamos que esta xurisdicción se agrandou ó integrar tamén ó couto de Parada e ás súas parroquias de Bandoxa, Parada e Reboredo.

Parroquias:

ADRAGONTE, Santiago de. Arzob. de Santiago. 329 hab. en 1831. "*Prod. centeno, maiz y patatas*" (DGU,t.I,1831).

AMBROA, S. Tirso de. Arzob. de Santiago. 173 v. (1816/17). "*824 hab.*" (DGU,t.I, 1831).

BERINES, Stª María de. "*Arzob. de*

*Santiago...Pobl. 607 hab. Tiene por aneja San Lorenzo de Irijoa. Sit. en la vereda real de Betanzos á Villalba, en la falda del monte Raña y orillas del rio Mandeu, que por medio de un buen puente facilita el crucero de Carballo-torto para el Ferrol. Prod.: centeno y maiz*" (DGU,t.II,1831).

CORUXÓU, S. Salvador de. "*Arzob. de Santiago...Pobl. 240 hab. Sit. en terreno montañoso, á la derecha y muy cerca del rio Eume. Prod.: centeno, maiz y patatas*" (DGU,t.II, 1831).

ESPERELA, "*Partido de*". Aparece dentro desta xurisdicción nos documentos, pero non se cita no Nomenclátor de Floridablanca, quizais por non ter a categoria de parroquia. O que sí está claro é que pertencía a esta xurisdicción e por iso a sinalamos no mapa (a súa delimitación é moi clara). Hoxe está unida á parroquia de S. Xulián de Vigo, que daquela pertencía á xurisdicción de Vilamourel.

CHURÍO, S. Martín de. "*Arzob. de Santiago... Pobl. 286 hab. Sit. en la margen derecha del rio Mandeo. Prod.: centeno, maiz y patatas*" (DGU,t.II,1831).

IRIXÓA, S. Lourenzo de.

PADERNE, S. Xoán de.

VIÑA, Stª Aia da.

**"*Coto redondo*" e xurisdicción de Reguela**

3,5 km$^2$. De señorío eclesiástico, ten Xusticia Ordinaria polo Mosteiro de Lourenzana da Orde de San Bieito (1789).

Parroquias:

REGUELA, S. Vicente de.

**Couto e xurisdicción de Santa Cecilia**

De señorío secular, ten Xusticia Ordinaria en representación de Don Joseph Bermúdez Villar de francos (1789.

Parroquias:

TRASANCOS, Stª Cecilia de. "*Obispado de Mondoñedo. Juez Ordinario. Pobl. 420 hab...Produce trigo, maíz, vino, algún centeno y mucha fruta*" (DGU, t.X,1834).

**Couto e xurisdicción de Sedes**

13,375 km$^2$. De señorío secular, ten Xusticia Ordinaria polo Marqués de San Saturnino.

Parroquias:

PLACENTE, S. Vicente de.

SEDES, S. Estevo de.

**Coutos e xurisdicción de Serantes e Serantellos**

7,25 km$^2$. De señorío secular, ten Xusticia Ordinaria polo Conde de Lemos y por Don Rodrigo Valerio (1789). Aparece unido frecuentemente ó couto de Serantellos. "*Martin Antonio do Miño theniente Juez hordinario de este dicho coto de Serantes, y D. José Vicente de Ocampo Juez hordinario del Coto de Serantellos*" (1809).

Parroquias:

SERANTES, S. Salvador de. "*Obispado de Mondoñedo, vicaría de San Mateo de Trasancos, jurisdicción de su nombre. Su parroquia comprende las aldeas de Abelleira, Aneiro, Barca, Bosque, Corrales, Faga [sic], Gaudera, Malata, Montecoruto, Outeiro, Pazos, Pescante, Serantellos, Souto, Viladoniga y Vilasanche. Situada en la inmediación del Ferrol entre las de Chamorro y Graña. Produce granos, legumbres y algún vino* (DGU,t.VIII,1833).

**"*Jurisdición, Merindad y Marquesado de San Saturnino y sus Cotos agregados*" (1809)**

26 km$^2$. De señorío secular, ten Xusticia Ordinaria polo Marqués de San Saturnino. Neses coutos agregados inclúe en ocasións ó do Pedroso e tamén ó de Piñeiros (éste ás veces aparece calificado de "*Partido de ...*", sempre dentro da xurisdición de S. Saturnino. "*En el Coto de San Saturnino, los primeros Domingos de cada mes del año se celebra una feria en dicho distrito, sin que conste haya privilegio alguno: se compone de ganados y comestibles*" (Larruga, *Memorias* ..., 1787-1800).

Parroquias:

MONTE, Stª Mariña do, "*Partido de S. Saturnino del*".

SAN SATURNINO, Stª María de.

**Xurisdicción de Sobrado**

210,5 km$^2$. De señorío eclesiástico, ten Xusticia Ordinaria polo Mosteiro de Sobrado da Orde de San Bernardo. Contén frecuentemente o couto de Maial e así aparece no Nomenclátor de Floridablanca, polo que ás parroquias que seguen habería que engadir as do dito couto (v. arriba), cousa que facemos poñéndoas entre corchetes. "*El primer Domingo de cada mes en el sitio que llaman Via-Sacra, junto al Monasterio, Orden de San Bernardo*




*Xurisdiccións de Codesoso, Curtis, Fisteus, Muniferral, Pruzos, e Sobrado.*

*del Lugar de Sobrado, se celebra feria de algunas menudencias del pais y del Reyno, en virtud de privilegio que dice tiene dicho Monasterio; y otra de ganados mayores en dicho sitio"* (Larruga, *Memorias ...,* 1787-1800). *"El licenciado Don Antonio García Vaamonde Abogado de la Real Audiencia de este reyno, Juez y Justicia hordinaria en la Jurisdicion de Sobrado, y Alcalde mayor en ella de sus cotos y agregados"*(1809).

Parroquias:

[ARANGA].

[CABRUI].

[CAMBÁS].

CARELLE, S. Lourenzo de. *"Arzob. de Santiago...Pobl. 397 hab. Sit. sobre la izda. y á media legua del rio Tambre. Domínala por el S. la cordillera que divide las aguas que van á este rio y al Ulla"* (DGU,t.II,1831)

CUMBRAOS, S. Xulián de. 81 v. (1816/17). *"Pobl. 241 hab. sit. en la cordillera que desde las Pias divide las aguas de los rios Tambre y Mandeo, á 1/4 de leg. de ambos. Prod.: granos, lino, patatas y pastos, y cria ganados"* (DGU,t.II,1831).

[FOXADO].

GRIXALVA, S. Xulián de.

NOGUEIRA, S. Xurxo de (*"partido de Nogueira"*). 39 V. (1816/17).

[PORTA].

POUSADA, S. Mamede de.

ROADE, S. Andrés de. 31 V. (1816/17).

**Xurisdicción de Trasancos**

58,875 km². De señorío secular, ten Xusticia Ordinaria en representación do Marqués de Castelar. *"Se estiende 2,5 leguas de largo y media de ancho, y comprende 10 felegresías. Situada entre Cedeira y el Ferrol"* (DGU,t.X,1834).

Parroquias:

ATIOS, S. Mamede de. Según o Dicc. de Madoz (1845) *"... comprende los lugares y barrios de Aguamehá, Aldarate, Atios de Abajo, Atios de Arriba, Bacorelle, Basillon, Cardino, Carreira, Chamorro, Cobas, Graño, Mourela, Pereira, Piñeiras, Ponte, Postamayor, Poulo, Robaleira y Soutobello: mas de 100 casas rústicas ... la iglesia parroquial en que se celebra misa mas de una vez al mes, es aneja de Sta. Eulalia de Baldoviño ... Confina por N. con la ribera, costa y mar Cantábrico, por E. con la parroquia de Pantín; por S. con la matriz, y por O. con el arenal y ribera Frouseira: ... 120 v., 470 almas".*

AVIÑO, S. Miguel de.

CASTRO, Stª María de. *"Prov. de Betanzos, obisp. de Mondoñedo, jurisd. de Trasancos. Pobl. 452 hab. Sit. á 1 leg. N. del dep. del Ferrol, en una colina, por la que pasa el camino que conduce desde dicha ciudad á Cedeyra; sus aguas corren á la ria del mismo Ferrol por un arroyo que desemboca en ella en la parroquia de Juvia, dirigiendose otras á la costa por otro arroyo que riega las de Val, Sequeiro y Val de Tribes. Prod.: granos, patatas, lino, pastos y ganados"* (DGU,t.II,1831).

LAGO, Santiago de. *"Pobl. 553 hab. Es anejo de Stª María de Sequeiro. Sit. al N. de su matriz en la costa del mar. Prod. centeno, cebada, algun trigo y legumbres"* (DGU,t.V,1832). Según o Dicc. de Madoz *"el término confina por el N. con San Mamed de Atios, al E. con Santa Eulalia de Baldoviño y S. Miguel de Aviño, por el S. con S. Bartolomé de Lourido, y por O. con Santo Tomás de Taraza".*

LOURIDO, S. Bartolome de. *"Obispado de Mondoñedo. Pobl. 176 hab."* (DGU,t.V,1832).

MEIRÁS, S. Vicente de.

SEQUEIRO, Stª María de.

TARAZA, Stº Tomé de.

VALDETIRES, S. Martiño de.

VALDOVIÑO, Stª Aia de.

**Couto e xurisdicción de San Mateo de Trasancos e Vilar**

7 km². De señorío eclesiástico e tamén de señorío secular, ten Xusticia Ordinaria en representación do Mosteiro de Lorenzana (da Orde de San Bieito) e do Conde de Lemos. O Nomenclátor de Floridablanca non fala da feligresía de Vilar, que si se atopa na documentación.

Parroquias:

TRASANCOS, S. Mateo de. *"Obispado de Mondoñedo. Juez Ordinario. Pobl. 500 hab. Sit. en una colina por la que pasa el camino del Ferrol á Cedeira, con vertientes á la ria del Ferrol, a la que se dirigen por medio de un arroyo que desemboca en ella en la parroquia de Jubia. Produce granos, patatas, lino y pastos, y cría ganado* (DGU,t.X,1834). Según o Dicc. de Madoz *"... consta de los lugares de Bacariza, Barcia, Cabeiro, Calvario, Calliqueira, Carabuchal, Carballo, Conde, Curro, Fontela, Junto á la Iglesia, Molino de Viento, Pasarón y Vilar con 70 casas ... el término confina por N. con la feli-*

*gresía de Bal; E. Castro; S. Leixa, y O. Mandiá ... 72 v., 379 almas."*

VILAR de San Mateo. No Dicc. de Madoz aparece como un lugar da parroquia de S. Mateo de Trasancos.

**Couto e xurisdicción de Val**

13,25 km$^2$. De señorío secular, ten Xusticia Ordinaria en representación de Don Albaro Pita, o Conde de Maceda e o Marqués de San Saturnino.

Parroquias:

VAL, Stª María a Maior de.

**Couto e xurisdicción de Vilamourel**

12,375 km$^2$. De señorío secular, ten Xusticia Ordinaria en representación do Conde de Maceda. "*Don Diego Antonio Ribera theniente de Alcalde maior y xusticia ordinaria en el coto de Villamorel, Vigo, Medín y Casa y torre Solariega de Lanzós y Villozás* [de la ciudad de Betanzos]".

Parroquias:

VIGO, S. Xulián de.

VILAMOUREL, S. Xoán de.

**Couto e xurisdicción de Xubia**

11 km$^2$. De señorío secular, ten Xusticia Ordinaria en representación de Don Joseph Bermúdez Villar de Francos (1789).

Parroquias:

CARANZA, Stª María de. 92 v. (1816/17).

XUBIA, S. Martín de. 236 v. (1816/17). É de supoñer que as distintas parroquias de hoxe con ese nome e distintas adscripcións relixiosas estaban fundidas en S. Martín de Xubia.



## III. O DOMINIO XURISDICCIONAL: EXTENSIÓN E DESENROLO

### *A) O reparto do poder xurisdiccional sobre os homes e as terras*

O reparto do dominio xurisdiccional na provincia de Betanzos, como tamén aconteceu no resto do Reino de Galicia, sufrirá unha evolución dende os lonxanos tempos en que os Reis Católicos impuxeron as bases de partida do Estado Moderno ata que as Cortes de Cádiz en agosto de 1811 decretaron a desaparición dos señoríos, que pasarán a integrarse na Coroa. Este é o motivo fundamental que imposibilita unha valoración polo miudo do tema. Só queda, polo tanto, tomar como referencia o estado no que se atopaba nun determinado momento; neste senso o Nomeclátor de Floridablanca (23), aínda que ten algúns erros, presenta unha visión xeral en época serodia, cando xa os sucesivos axustes tiñan cristalizado nunha situación que se mantiña estable dende 1733.

Para poder valora-la importancia dos distintos tipos de dominio xurisdiccional, empregáronse dous criterios: a extensión e o poboamento, se ben quedaría moito máis completo con datos referentes á potencialidade económica, é dicir, á riqueza. Para estima-lo primeiro aspecto, recurrimos ó xa referido Nomenclátor de 1785 (editado no 1789), mentres que para o tema demográfico serviu como referencia as *Revisións* do Catastro mandado elaborar polo Marqués de la Ensenada no 1751, complementado cunha proxección de 1831, pouco antes de que desaparecese definitivamente o Antigo Réxime.

**Táboa 1. Distribución dos tipos de dominios xurisdiccionais na Provincia de Betanzos**

| TIPO DE DOMINIO | EXTENSIÓN | | POBOACIÓN (EN VECIÑOS) | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | km$^2$ | % | 1760 (N°) | % | 1831 (N°) | % |
| Dignidades eclesiásticas | 142,6 | 5,7 | 1.359 | 5,6 | 4.582 | 3,6 |
| Mosteiros | 490,5 | 19,7 | . 2.209 | 9,2 | 11.259 | 9 |
| Nobreza titulada | 1.172 | 47 | 11.989 | 50 | 61.736 | 49,4 |
| Fidalguía | 179,1 | 7,2 | 1.477 | 6,1 | 5.286 | 4,2 |
| Reguengo (por S. M.) | 433 | 17,4 | 5.978 | 24,9 | 36.409 | 29,1 |
| Mixtos | 74,7 | 3 | 981 | 4,1 | 5.748 | 4,6 |
| Total | 2.491,9 | | 23.993 | | 125.020 | |

A primeira conclusión que se tira destes datos é o contundente predominio da nobreza titulada, que monopoliza a metade dos homes e case a mesma proporción das terras. Séguelle en importancia o reguengo, sobre todo no eido demográfico, debido á grande extensión do correximento brigantino e á poboación asentada tanto alí coma no Ferrol e a Graña; a potencialidade desta base naval queda plasmada nos datos de 1831. No inexacto vecindario de Lucas Labrada, corresponderíalle o 36,1 % dos fo-

(23) "*ESPAÑA DIVIDIDA EN PROVINCIAS ...*", *Op. cit.*

gares da provincia, trabucándose craramente por exceso, mentres que co abadengo anda máis atinado, asignándolle ó redor do 8,8%. Os mosteiros teñen bastantes territorios, pero estes amosan unha baixa densidade de ocupación, detectándose unha grande diferencia entre ámbolosdous parámetros. Na provincia de Betanzos non están representadas nin a xurisdicción veciñal nin a das Ordes Militares, con escasa relevancia no conxunto do Reino, e case restrinxida a última a certas zonas de Ourense e Lugo (24).

Dentro destes grupos existen diferencias en canto á importancia de cada un dos seus integrantes. O contraste máis acusado detéctase no seo da nobreza titulada.

**Táboa 2. Posesións xurisdiccionais da nobreza titulada**

| CASA OU LINAXE | EXTENSIÓN | | VECIÑOS NO 1760 | |
|---|---|---|---|---|
| | $km^2$ | % | Nº | % |
| Conde de Lemos | 742,3 | 29,8 | 7.629 | 31,8 |
| Marqués de Astorga | 268,7 | 10,8 | 2.866 | 11,9 |
| Marqués de Castelar | 70,1 | 2,8 | 414 | 1,7 |
| Marqués de S. Saturnino | 53,6 | 2,1 | 574 | 2,4 |
| Marqués de Alcañizas | 12,5 | 0,5 | 265 | 1,1 |
| Conde de Maceda | 12,4 | 0,5 | 155 | 0,6 |
| Marqués de Figueroa | 11,2 | 0,4 | 86 | 0,4 |

Facendo unha comparanza coa situación destas linaxes no conxunto do Reino, vese que o Conde de Lemos é o Señor tardofeudal máis poderoso, por riba do Arcebispo de Santiago; con el están no cumio deste colectivo as Casas de Astorga e Maceda; nun lugar intermedio aparecen os de Alcañizas, Castelar e San Saturnino, mentres que o Marqués de Figueroa fica nos últimos postos.

Non cabe a menor dúbida de que na provincia de Betanzos a primacía corresponde á Casa de Lemos, mentres que o Marquesado de Astorga ocupa un lonxano segundo lugar, e do resto só cabe salientar ó Marqués de San Saturnino.

Seguindo o criterio de implantación provincial, poderían dividirse en tres categorías: unha primeira na que estarían os de Lemos, Astorga, Alcañizas e Maceda, que tamén posúen importantes territorios fóra da provincia; en situación intermedia, o Marqués de Castelar, e con presencia inferior, os Marqueses de San Saturnino e Figueroa.

Para comprender un pouco mellor esta xerarquización, hai que ter presente a antigüidade dos seus títulos nobiliarios. Os señores máis poderosos acadaron a calidade de nobres durante as loitas feudais e a guerra civil do século XV, mentres que os restantes ascendían de poderosas familias fidalgas encumiadas nos críticos reinados

(24) Esta valoración coincide en xeral coa de Río Barja e cos datos elaborados por Eiras Roel, estribando as diferencias en que este investigador non ten en conta os "arranxos parroquiais" e porque parece ter excluido ós eclesiásticos do vecindario (RÍO BARJA, F. X. "A división de Floridablanca". En: *Silva, 3*. Santiago, Fundación Celso Emilio Ferreiro, 1990, p. 111; EIRAS ROEL, A. "El señorío gallego en cifras: Nómina y ranking de los señores jurisdiccionales". En: *Cuadernos de Estudios Gallegos, 103*. Santiago, 1989, p. 117).

dos últimos Austrias (25). Por outra banda, os nobres máis sinalados practicaron unha política de alianzas matrimoniais que acrecentaron notablemente as súas posesións: o IV° Conde de Lemos, Don Fernando Ruiz de Castro, casouse no 1523 con Dona Tareixa de Andrade, filla do Conde de Andrade, levando ademais esta unión anexa o Condado de Villalba e o Marquesado de Sarria; Don Álvaro Pérez Osorio, III° Marqués de Astorga, casóu en primeiras nupcias con Dona Isabel Sarmiento Zúñiga, IIIª Condesa de Santa Marta de Ortigueira, agregando logo o Condado de San Román. Tamén habería que anota-lo feito de que Don Santiago Alonso de Lanzós, I° Conde de Maceda, herdase polo seu pai as posesións betanceiras, mentres que os dominios ourensáns os recibiu por vía materna (26).

No que respecta ós mosteiros, están representados os de Sobrado, Monfero e Montefaro, que tiñan a casa principal asentada na mesma provincia, e logo os de Lourenzá (Mondoñedo) e San Martiño Pinario (Santiago). Este último era o segundo máis poderoso de Galicia, o de Sobrado ocupaba un nivel medio, mentres que os restantes tiñan unha cativa representatividade. Como é común, todos eles eran de monxes bieitos ou bernardos, que se caracterizaban pola súa antiga raigame e poderío, agás o mosteiro de Montefaro, pertencente á Orde Terceira de San Francisco, explicable pola especial circunstancia da doación da potestade xurisdiccional, á que nos referiremos máis adiante.

Moitos dos conventos galegos foron reformados nas derradeiras décadas do s. XV e primeiras do seguinte, por iso os vellos cenobios de San Salvador de Cines (cos seus anexos de Espenuca e Vilamateo) e de Bribes quedaron baixo a dependencia de San Martiño Pinario, tal como aconteceu con outros moitos (27). Neste mesmo sentido, o mosteiro de Xubia, por vontade do último prior, agregouse no 1518 ó de Lourenzá, aínda que logo será desamortizado por Felipe II (28); pola súa parte xa vimos na xurisdicción da Alcaldía Maior de Pontedeume como a Colexiata de canónigos regulares de San Agustín existente en Breamo dou no 1569 a súa xurisdicción e vasalaxe do couto de Breamo en foro perpetuo ó Marqués de Sarria ...

Da fidalguía pouco se pode dicir, tendo como principal característica a atomización das súas posesións territoriais, o mesmo que acontecía no conxunto do Reino. Boa proba diso son os datos que mostramos na táboa 3.

Este fenómeno chega á súa máxima expresión ó constatarse que a meirande parte dos dominios compartidos, tanto no eido administrativo como no fiscal, pertencían en gran medida á fidalguía. Así, a Xur$^{n}$. de Somozas, dependía de D. Gregorio Santiso, de D. Juan Tizón, do Conde de Maceda e do Marqués de San Saturnino; a de Val era propia dos mesmos nobres, xunto con D. Pedro Pardo e D. Álvaro Pita.

---

(25) Os títulos do Conde de Lemos e do Marqués de Astorga datan de 1465; pola contra, o Conde de Maceda conqueriuno no 1654; o Marqués de Figueiroa no 1675; o de San Saturnino no 1688; e o de Castelar no 1693.

(26) Os datos xenealóxicos poden verse en: BUGALLAL Y VELA, J. "Lemos", "Maceda" e "Trastámara", na *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 19, p. 30; t. 20, p. 20 e t. 29, p. 144; MARQUÉS DEL SALTILLO, *Historia Nobiliar Española*. Madrid, 1951, t. I, p. 168-169; GONZÁLEZ LÓPEZ, E. *Bajo la Doble Águila (Galicia en el Reinado de Carlos V)*. Santiago, 1979, p. 113; CHAO ESPINA, E. *Libro de Santa Marta de Ortigueira*. Ortigueira, 1987, p. 115.

(27) Sobre a Reforma véxase: LÓPEZ FERREIRO, A. *Galicia en el último tercio del siglo XV*. Santiago, 1883 (reed. Vigo, 1968), p. 177-178; GARCÍA ORO, J. *La Reforma de Religiosos Españoles en tiempos de los Reyes Católicos*. Valladolid, 1969.

(28) SARALEGUI Y MEDINA, L. *Los benedictinos en Jubia*. Ferrol, 1907, p. 10.

Esta pequena nobreza de orixe rural, por medio de adquisicións e casamentos endogámicos, nalgúns casos irá sumando posesións en distintas provincias, aínda que nunca chegarán a ser numerosas nin importantes. O Nomenclátor de 1785-89 revela que participaban desta característica D. José Bermúdez, D. Justo G. Tenreiro e D. Antonio Ordóñez, dono este das xurisdiccións de Codesoso (Betanzos), Damil e Femil, Narla de S. Paio e da parroquia de Cirio na de Lea (Lugo).

**Táboa 3. Dominios xurisdiccionais da fidalguía betanceira**

| TITULAR NO 1787 | $Km^2$ | Veciños no 1760 |
|---|---|---|
| D. José Ramón Quiroga | 40,9 | 281 |
| D. Antonio Varela | 45,4 | 196 |
| D. José Norberto Moscoso | 30,6 | 192 |
| D. Justo Gabriel Tenreiro | 25,2 | 367 |
| D. José Bermúdez Villardefrancos | 13,2 | 189 |
| D. Antonio Ordóñez | 11,4 | 45 |
| D. Gaspar Maldonado | 7,7 | 49 |
| D. Antonio Nogueirido | 4,6 | 51 |

*B) A evolución xurisdiccional: das doacións medievais ós concellos constitucionais*

A orixe dos dominios xurisdiccionais remóntase á Idade Media, comenzando polas doacións que os monarcas casteláns e poderosos particulares fixeran ós primeiros mosteiros que se ían establecendo no solar galaico. Detrás desta política da Coroa agachábase un evidente interés por fortalecer unhas alianzas que respaldasen o poder real frente ás pretensións dos señores feudais, aínda que tamén tiñan a finalidade de artella-la repoboación do territorio.

Os máis antigos cenobios galegos foron recibindo sucesivas mercedes, sobre todo durante os séculos XI-XIII, ata chegar a convertirse en importentes centros de poder político, aínda que nas centurias seguintes sofrirán as envestidas da nobreza laica terratenente, producíndose grandes perdas que os levarán a unha notable decadencia. Todo o dito exemplifícase na táboa 4 (29).

Nembargantes os monarcas víronse na obriga de salvagarda-los privilexios destes mosteiros que estaban baixo a súa protección. Así, no 1232 Fernando III ratifica o carácter señorial da Xurisdicción que Monfero exercía sobre os seus vasalos; no 1291 Sancho IV sentencia contra a Xusticia de Pontedeume para que os homes dependentes do dito convento só fosen ante o Merino posto polo abade ou prior; finalmente, en 1309, Fernando IV confirmará o anterior privilexio.

Como xa se adiantou, mención aparte merece o mosteiro franciscano de Chanteiro, o cal foi trasladado no 1392 ó outeiro de Montefaro por vontade de Fernán Pérez de Andrade, quen cinco anos despois lle entregou a vila de Mugardos e os coutos de

---

(29) VAAMONDE LORES, J. "Importante escrito de donación otorgado por Don Bermudo, rey de Galicia, al Monasterio de S. Juan de Cabeiro". En *Boletín de la Real Academia Gallega*. Santiago, 1924; COUCEIRO FREIJOMIL, A. *Historia de Puentedeume y su comarca*. Pontedeume, 1981 (1ª ed. 1944); SAA BRAVO, H. *El Monacato en Galicia*. II vol. A Coruña, 1972; PALLARÉS, M. C. *El monasterio de Sobrado: un ejemplo de protagonismo monástico en la Galicia Medieval*. A Coruña, 1979; COLOMAS, G. M. *El Monasterio de Santa María de Sobrado*. León, 1980; YÁÑEZ NEIRA, D. "Monfero", en *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 21, p. 157-158; CAL PARDO, F. *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos*. A Coruña, 1984.

**Táboa 4. Algunhas doacións e acoutamentos medievais dos mosteiros brigantinos**

| DATA | LUGAR | MOSTEIRO | MONARCA |
|---|---|---|---|
| 934 | Bermui | Caaveiro | Bermudo I |
| 1107 | Caaveiro | Caaveiro | Alfonso VII |
| 1120 | Pedroso | Pedroso | Alfonso VII |
| 1135 | Monfero | Monfero | Alfonso VII |
| 1154 | Bravío | Cines | Alfonso VII |
| 1164 | Bermui e Eume | Caaveiro | Fernando II |
| 1177 | Buriz e Labrada | Monfero | Fernando II |
| 1232 | Eríns | Caaveiro | Fernando III |
| 1288 | Oza, Leza e Coirós | Brives | Sancho IV |

Miño e Bemantes, que antes tiñan sido dos Cabaleiros Templarios (30).

Unha idea bastante completa do dominio señorial que detentaban os máis importantes cenobios betanceiros nos albores da Idade Moderna, dedúcese da relación que o Licenciado Arévalo, Correxidor da Coruña e Betanzos, envía no 1553 á Corte (31).

"A dos leguas de Betanzos hay un Monasterio de frayles bernardos que dizen Monfero, tiene gran jurisdiçión y hasta dosçientos çincuenta vasallos, no renta quasi nada porque como he dicho todas las posesiones o heredades que labran son del Monasterio. El mayor interese dello son las penas en que caen y los condenan que se las lleva el señor y la diezma de las execuçiones, pero esto va vendido y entra en la renta de la jurisdiçión. Dixen que no vale más cada vasallo destos, con la jurisdiçión y renta, de hasta seis mill maravedís porque aca no tienen más cuenta de que vendido el vasallo, entra la jurisdiçión y renta del.

Hay hacia Betanzos el Monasterio de Sobrado de frayles bernardos: dizen tiene quasi quinientos vasallos alrededor, todos en una pieça y muy larga jurisdiçión. Rentan muy poco al Monasterio por lo que he dicho. Valen al mesmo preçio que los de arriba.

Hay otro monasterio que dizen Cabeiro de frayles agustinos reglares que tienen hasta dosçientos vasallos, rentan como los pasados e son del mismo presçio.

Hay otro coto de San Martino de Joyba de frayles benitos; tiene hasta çincuenta vasallos, poco más o menos, y del presçio de los pasados".

Sobre o fundamento das posesións que tiña o Cabildo de Santiago pouco se pode dicir. Na Bula dictada no 1178 polo Pontífice Alejandro III confirmando os dominios da Igrexa Compostelá, xa aparecen testemuñáda-las parroquias que comprenderán a futura Xurisdicción de Árbol, dentro do bispado mindoniense. Esta posesión queda confirmada por un documento de 1523, aínda que agora baixo a denominación de couto de Árbol e Pedre estaban integradas sete freguesías, catro máis das que aparecen no Nomenclátor de Floridablanca (32).

As orixes do Correximento de Betanzos pérdense na noite dos tempos, pero non

(30) MONTERO ARÓSTEGUI, J. *Historia de El Ferrol*. Ferrol, 1858 (reed. 1972), p. 30; COUCEIRO FREIJOMIL, A. *Historia de Puentedeume ... Op. cit.*, p. 167.

(31) GUILARTE, A. M. *El Régimen Señorial en el siglo XVI*. Madrid, 1962, p. 428-429.

(32) LÓPEZ FERREIRO, A. *Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago*. Santiago, 1901-1905, t. IV, p. 130 e t. VIII, p. 154. No apéndice documental LII dot. IV pode lerse: "*In episcopatu quoque mindoniensi villas sancti Martini de Placiis, sancte Eulalie alte, Sancti Martini de Rivoaverso, Sancti Laurentii de Arbore, sancte Marie de Villapetri*".

cabe dúbida que a cidade fundada no ano 1219 por Alfonso IX de León, vaise ver favorecida polos monarcas casteláns, os cales sempre valoraron en moito a súa postura antinobiliar. Neste contexto, no 1286 Alfonso X entrega á vila brigantina o señorío sobre o couto de San Salvador de Cecebre, véndose precisada nos finais do s. XV a pleitear pola súa posesión coa cernuda linaxe dos Mariñas. Nun documento real de 1493 aparecen integrando o alfoz ou terra de Betanzos as parroquias de Viñas, Tiobre, Bravío e Armea (33). No Catastro de Ensenada reséñase que dos Propios da cidade, pouco máis de 265 reás eran destinados cada ano para pagar ó mosteiro de San Martiño Pinario, por vía do Priorato de Cines, o foro da xurisdicción civil e criminal que exercía sobre as freguesías de Armea, Colantres e Bravío.

A nobreza galega tivo nos séculos XIV e XV a súa época dourada, cando aproveitando as liortas feudais conqueriu apoderarse dunha gran cantidade de territorios que pertencían á monarquía ou eran propiedade dos ricos pero febles mosteiros. Os señores galegos adquiriron os seus dominios por tres vías: a primeira derivou das doacións que lle fixeron os Reis casteláns, como pago ós servicios prestados ou en precio dunha alianza política e militar. No ano 1371 Enrique II *o das Mercedes* entregou a Fernán Pérez de Andrade "o Boo" as vilas de Pontedume e O Ferrol, e dous anos despois recibirá o señorío de Vilalba (Lugo), mentres que no 1377 lle daba o castelo de Narahío con tódalas súas pertenzas (34). Por esas mesmas datas García Rodríguez de Valcarcel vese beneficiado polo propio Enrique II co señorío das Pontes, así como coas freguesías de Moeche e Santa Cruz (35). No 1445 Juan II deu a vila de Santa Marta de Ortigueira ó Adiantado Maior de Galicia, Diego Pérez Sarmiento, irmán do primeiro Conde de Rivadavia (36).

A segunda vía, moi espallada durante esta época serodia, consistiu en facerse coas encomendas dos mosteiros e catedrais, que rematan convertíndose en propiedade destes cabaleiros feudais. Os Andrade controlaban as encomendas dos conventos de Cines, Caaveiro e Monfero, mentres que os Ulloa monopolizaban as de Sobrado (37). A importancia deste fenómeno foi tan grande que xa ben rematado o medievo, as consecuencias aínda se deixaban sentir con intensidade. Cara a 1607 o Visitador Eclesiástico Gerónimo del Hoyo debuxaba con tintes escuros a situación do mosteiro de San Martiño Pinario de Santiago (38):

"Este real monasterio solía tener innumerables cotos, jurisdicciones y tierras y muchas dellas tiene aforadas a los mejores deste Reyno, como son a los Condes de Lemos, de Altamira, de

---

(33) GARCÍA ORO, J. "San Salvador de Cecebre: ¿Un coto de Betanzos?" En: *Anuario Brigantino 1986, 9*. Betanzos, 1987, p. 12.

(34) GARCÍA ORO, J. *La nobleza gallega en la Baja Edad Media*. Santiago, 1981, p. 149-154; MONTERO ARÓSTEGUI, J. *Historia de El Ferrol ... op. cit.*, p. 30; COUCEIRO FREIJOMIL, A. *Historia de Puentedeume ... op. cit.*, p. 115; DEL CASTILLO, A. *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia.* A Coruña, reed. 1972, p. 365; CARRÉ ALDAO, A. "Provincia de La Coruña". En: *Geografía General del Reino de Galicia.* Barna, 1930, t. II, p. 346.

(35) URGORRI CASADO, F. "Nuevos datos sobre el primitivo Concejo de As Pontes y sobre el señorío de los García Rodríguez". En: *Untia, 3*. Betanzos, 1987, p. 37 e 43.

(36) CHAO ESPINA, E. *De las Costas del Condado de Ortigueira hasta El Ferrol.* A Coruña, 1983. p. 62.

(37) LÓPEZ FERREIRO, A. Galicia en el último tercio...*op. cit.,p. 162.* Este tema das Encomendas tomadas ó abadengo recóllese tamén nos traballos de J. GARCÍA ORO.

(38) DEL HOYO, G. *Memorias del Arzobispo de Santiago.* Santiago, 1607 (reed. Porto e Cía.), p. 61.

Monterrey y otros muchos caballeros y personas particulares de los quales y en su reconoscimiento pagan al dicho monasterio feudos y otros tributos y además de los que tiene aforados y **otros que ha dexado perder y le traien enaxenados**, tiene el presente al pie de sesenta cotos y en ellos como tres mil vasallos, los quales govierna, administra y rige el abad del dicho monasterio, por diferentes merinos y jueces que nombra y pone en los dichos cotos".

Finalmente, quedaba o recurso da compra, e se ben éste non parece un dos sistemas máis queridos pola nobreza feudal galega, hai constancia dalgunhas transaccións. A viuda do Infante Don Felipe, finado no 1327, vendeu a García Rodríguez de Valcárcel toda a terra de Parga e o castelo de Guitiriz coa súa xurisdicción, aínda que logo por matrimonio dunha filla, o primeiro dominio pasou a Pedro Fernández de Bolaño (39). Dentro da Reforma monástica, o convento de Pedroso quedará unido no 1492 ó de San Martiño de Mondoñedo; pouco despois estes, xunto co cenobio de San Miguel de Colleira, vanse incorporar á Mesa Capitular da Catedral mindoniense, que no 1544 lle vende a Juan Freire de Andrade Lanzós, señor de San Sadurniño, as posesións de Pedroso, Sedes, Doso e Lialongo pola cantidade de 25.000 maravedís ó ano en concepto de vasalaxe, coa obriga de arranxa-la capela maior e outras partes do vello edificio, ademais de recibir 40.000 maravedís cada ano durante 6 lustros en compensación de certas rendas do desaparecido mosteiro de Pedroso (40).

A Casa de Andrade brilou con estrela propia na escea brigantina da Baixa Idade Media, controlando grande parte dos territorios que configurarán a Provincia de Betanzos, ata que a expansión do seu poderío quedou tronzada pola política de control nobiliar posta en práctica polos Reis Católicos. O cronista Vasco de Aponte (41) describe bastante polo miudo as posesión e os privilexios en tempos de Fernán Pérez:

"Ahora tornemos a decir de que se mantenía su estado. Digo yo que me afirmo en que tenía de renta tres mil y quinientas cargas de pan y vino, ... Tenía de dinero en menudencias al pie de ducientos mil maravedises. Tenía de tocinos, carneros, cabritos, marranas, gallinas, capones, perdices, pecado de todas maneras; ahora no se da sino el que quiere; y de bois y vacas le daban tanto presente que no había menester comprarlo; verdad es que entraban setenas. Todos los años del mundo no baxaban de darle de mano besada al pie de tres mil doblas. Tenía soga y cuchillo sobre tres mil y cuatrocientos hombres, los dos mil y trescientos suyos, los mil y trescientos de behetrías que venían con apelaciones, y de otros más de mil y quinientos hombres, y porque ninguno lo dude daré la cuenta por entero.

Tenía setecientos treinta hombres en Villalba con la villa, y setenta en los Villares, y ciento setenta en Pruzos, sesenta en Ois, trescientos treinta en Puente de Eume o de Andrada, ciento diez en el Faro de Bensoycos, y cuatrocientos cuarenta en Ferrol y su alfoz y otros cotos que tienen juzgado, y en Serantes y Doniños y en San Mateo; ciento veinte en Narahío, sin el coto de Anca; ciento diez en Crobas Queixas e Bouza Longa; cien Perves e Villar mayor e o couto de Leiro que Fernán Pérez dio a Parragués por la prisión de Alonso de Lanzós; dice [diez] que se perdieron en el foro de Montouto e otros diez en Vinceira grande. Ahora conto les vehetrías: Monfero e Caaveiro buenos cuatro cientos sesenta hombres; Ribera del Sor, Ruipar y a graña de Villarente, estas tres casas do mosteiro de Meira, doscientos sesenta vasallos; todo o couto de Pedroso, cien vasallos; Jorbazo e o couto de Anta, sesenta vasallos; Santa Cecilia, veinte;

---

(39) URGORRI CASADO, F. "Nuevos datos sobre el primitivo Concejo de As Pontes..." *op. cit.,* p. 27.

(40) CAL PARDO, E. *El monasterio de S. Salvador de Pedroso...* op. cit., p. 201-225.

(41) Estes textos foron publicados por: LÓPEZ FERREIRO, A. *Galicia en el último tercio...op. cit.,* p. 152; COUCEIRO FREIJOMIL, A. *Historia de Puentedeume... op. cit.,* p. 202-203 e 217.

Villa Pedre, San Lorenzo de Arbol, Santa Aya de Rego Abeso, sesenta vasallos; Muiño ferral, treinta. Ahora contemos donde tenía juzgado y vivían con él: desde el couto de Muras hasta topar con jurisdicción de Meira, ques en terra de costa de Montes, bien tenía setecientos hombres; do couto da Villa Juan, cuarenta hombres, do couto de Codesido, treinta, que, aunque eran recachones le besaban la mano; otros treinta hombres en San Pedro de Cambás, aunque de ellos tenía cargo Lope Sánchez de Ulloa; no le podían excusar otros veinte o treinta no Val de mariz, aunque era de Portomarín; la mitad de Betanzos con su jurisdicción; diez o doce hombres en Andel, que eran de Pedro de Párraga; el couto de Leiro, aunque los tuviese el conde don Sancho, ochenta vasallos; los más de los vasallos que tenía el conde de Lemos do ponte para mar; otros de Santa Marta e de Vivero, que muy pocos le faltaban de dos mil trescientos hombres. De manera que de todos estos cada un año cogía su dobla; y de otros muchos tratantes que se llamaban a al en el obispado de Mondoñedo, parte de Lugo, y en parte del arzobispado, y de carracas y naos que venían a Ferrol, crimenes y homicidios, bien tenía de éstos cada año tres mil doblas; ..."

Logo continúa deixando constancia do poderío desta linaxe na época en que estaba ó frente dela Diego de Andrade:

"Ahora contemos con verdad de la renta que tenía en que digo que de las tres mil y quinientas cargas de pan y de vino que tenía su padre, llevaba doña María de Moscoso su madre las seis cientas, y Pedro Fernández su hermano doscientas, y así le vinieron a quedar dos mil setecientas. Mas por la señora doña María su mujer tenía otras grandes dos mil; tenía vasallos propios y de behetrías 4.400 vasallos, sobre los cuales tenía soga y cuchillo por las casas ambas; y tuvieron cinco mil, sino que Pedro Fernández llegó a Mota de Ois con setenta vasallos, que al tiempo eran propios y sacole en Villalba otros setenta de encomendada, que eran por la Concia de Santiago que él ganó, y otros treinta que llevó a Parragués y asimismo perdió en el couto de Cines tres cientos hombres, porque le traí[cionó] Fray Pedro Fernández, pero, con todo eso, los más le obedecían. De vasallaje tenía quince mil maravedises y otras menudencias de diezmerías y frutas propias y prados que valerán otros cincuenta mil, en que digo que de penas e crímenes e fianzas quebradas que valían mucho, e presentaciones de beneficios y de otros vasallos que eran fora de su juzgado, bien llegaban a valer tres cientos mil maravedises; en estos entraban setenas de frutos, presentes, touciños, marranas, carneros, capones, gallinas, cabritos, muy mucho ahora se lo traen, y de todas las naos grosas que venían a su terra le daban presentes, ..."

Durante os últimos anos do reinado de Felipe II produciuse unha crise facendística tan grande que o monarca recurrirá ó Papa para conquerir un permiso co que poder desamortiza-las posesións xurisdiccionais dos señoríos eclesiásticos. En Galicia consérvanse poucas testemuñas deste proceso que se prolongará ata a época de Felipe IV e do que foi principal beneficiaria a fidalguía máis poderosa do reino (42). No que se refire ó territorio brigantino, só hai constancia de que o couto de San Martiño de Xubia, agregado no 1518 ó mosteiro de Lourenzá, se vendeu no 1586 xunto coa parroquia de Carranza, ó Dr. Juan Yáñez de Leiro, Coengo de Santiago, pola suma de 1.721.739 mrvs. (43), estando no disfrute da súa posesión a mediados do s. XVIII a familia fidalga dos Bermúdez de Villardefrancos.

A chamada Xunta de Incautacións (1706-1717) non actuou en Galicia, xa que este Reino estivo sempre ó rente do candidato borbónico, futuro Felipe V, durante a Gue-

---

(42) Un achegamento a este fenómeno en Galicia pode verse en: GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, J.M. *Una aproximación a diversos aspectos de la administración...op. cit., p.* 148-149.

(43) SARALEGUI Y MEDINA, L. *Los benedictinos...op. cit.*, p. 10.

*"Lista de los Pueblos de que se compone el Partido de BETANZOS".*

*"Pueblos que forman este Partido y quedan sujetos á su judicatura de primera instancia"*

*La Ciudad de Betanzos y sus arrabales.*

S. Martín de Tiobre.
S. Andrés de Obre.
S. Esteban de Quintas.
S. Salvador de Villouzas.
S$^{ta}$ María de Souto.
S. Pantaleón das Viñas.
S. Salvador de Bergondo y S. Vicente de Morujo.
S$^{ta}$ María [Marina] de Rois y Peteiro.
S$^{ta}$ María de Pontellas.
S. Pedro das Viñas.
S. Salvador de Cecebre.
S. Pedro Fez [*sic.*] de Bijoy.
S$^{ta}$ María de Cortiñán.
S. Esteban de Piadela y su partido de Guiliade.
S. Salvador de Limiñón.
Santiago de Requian.
S. Martin de Brabio.
S. Salvador de Colantres y S. Vicente de Armea.
S. Julian de Coirós.
S$^{ta}$ Eulalia de Espenuca.
Santiago de Ois.
S$^{ta}$ María de Ois
S$^{ta}$ Cruz de Mondoy.
S. Pedro de Porzomillos y su partido de Villar de Costoya.
S$^{ta}$ María de Cuiña y S. Esteban de Vivente.
S. Nicolás de Cines.
S$^{ta}$ María de Cullergondo.
S. Tomé de Salto.
S. Julian de Mandayo.
S. Mamed de Bragas [*sic.*] y Partido de Cesuras.
S. Salvador de Trasanquelos.
S. Pedro de Figueyra [Filgueira].
S. Pedro de Burrijans [*sic.*].
S$^{ta}$ Eulalia de Probaos y partido de Barrios da Hermida.
Sta Maria de Figueredo.
S. Esteban de Loureda.
S. Pedro de Vizoño.
S. Tomé de Vilacoba.
S$^{ta}$ Eulalia de Leyro.
S$^{ta}$ Maria de Precedo [*sic.*].
S. Salvador de Biones y partido de Lagoa.
Santiago de Meangos.
S. Esteban de Cos.
S. Salvador de Cerneda.
S. Julian de Cabanas.
S. Miguel de Figueroa y partido de Gudin.
S$^{ta}$ Maria de Sarandones y partido.
S$^{ta}$ Eulalia de Cañas.
S. Vicente de Vigo.
S$^{ta}$ Marta de Babio.
S. Martin de Orto.
S$^{ta}$ Maria de Guisamo.
S. Juan de Ouces.
S. Juan de Lubre.
S$^{ta}$ Maria de Sada.
S. Ciprian de Bribes.
S. Tirso de Mabegondo.
S$^{ta}$ Eulalia de Abegondo.
S$^{ta}$ Dorotea de Folgoso.
S. Pedro de Oza, incluso el Coto de Mayal.
S$^{ta}$ Marina de Lesa.
S$^{ta}$ Maria de Rygeyra.
S. Esteban de Parada.
Santiago de Reboredo.
S. Martin de Bandoja.
Partido de Rudeyro de arriba.
S. Vicente de Ferlenzas [*sic.*].
Partido de Rudeiro de abajo.
S. Pelagio de Aragan [*sic.*].
S. Pedro de Cambás.
S. Cristóbal de Muniferral.
S. Pedro de Feas y Cerdelo.
S. Lorenzo de Irigoa.
S$^{ta}$ Maria de Berines.
S$^{ta}$ Eulalia de Biña.
S. Tirso de Ambroa.
Santiago de Adragonte.
S. Juan de Paderne.
S. Salvador de Corujon [*sic.*].
S. Martin de Churio.
Partido de Esperela.
S$^{ta}$ Maria de Mantaras.
S. Juam de Villamorel.
S. Julian de Vigo.
S. Félix de Monfero.
S$^{ta}$ Juliana de Monfero.
S$^{ta}$ Maria de Gestoso.
S$^{ta}$ Maria de Labrada.
S. Pedro de Buriz.
S. Juan de Callobre.
S$^{ta}$ Maria de Miño.
S$^{to}$ Tomé de Bemantes.
S. Cristobal de Guimil.
Santiago de Villamateo.
S. Vicente de Carres.
S$^{ta}$ Maria de Cutian.
S$^{ta}$ Maria de Dordaño.
Santiago de Paderne.
S. Pedro de Crendes.

"DEMARCACION.

*Confina por el Sur con la parroquia de Santa Cristina de Montouto, jurisdicion del valle de Barcia en la antigua provincia de Santiago: por el Norte con el puente Bajoy y parroquia del coto de Loyro [sic.], del nuevo Partido de Puentedeume; por el Levante con el Puente de la Castellana camino Real de Castilla, siguiendo el Nordeste las Parroquias de S. Pelayo de Aranga y S. Pedro de Cambas de este nuevo Partido, que confina con los Villares de Parga, de la antigua Provincia de Lugo y Monte da Pena do Curro que les separa de la Villa y Parroquia de S. Julian de Soñeiro y Hermita del Espiritu Santo y Camino Real que va á la Coruña, á cuya antigua Provincia pertenecen una y otra".* Transcripción dun impreso do AMB existente nun expte. de eleccións municipais do 1820 (Trienio Constitucional).




PARTIDO XUDICIAL DE BETANZOS (inclúe *Crendes* da antiga Prov. da Coruña e *Carres, Cutián* e *Paderne* da de Santiago) E CONCELLOS CONSTITUCIONAIS NO TRIENIO (1820-23). Non se documentaron os límites de SADA e BETANZOS.

rra de Sucesión. Daí que o único cambio suliñable no Século das Luces fose a incautación pola monarquía en 1733 do Porto de Santa María e da Graña-Ferrol, coa idea de construir nesta última unha grande base naval, xa que ademáis desde 1726 era capital do Departamento de Mariña homónimo. Tratouse dun caso curioso e posiblemente excepcional, pois fíxose seguindo a vía administrativa e por razóns de utilidade pública. Os Condes de Lemos continuaron a percibi-las rendas forais e os dezmos, mais a indemnización resultou ben cativa, dado que as cargas señoriais que pesaban sobre ámbalasdúas poboacións rondaban só os 1.200 reás (44).

Nos sucesivos períodos constitucionais artellouse unha lexislación que posibilitaba o nacemento de novos concellos, mentres que coa creación dos partidos xudiciais os organismos de poder local perderán as facultades que en materia de xusticia tiñan durante o Antigo Réxime. Do período gaditano nada se sabe, aínda que noutras zonas de Galicia se detectan as primeiras tentativas de secesión, ás que a provincia brigantina non debeu de ser allea. No Trienio (1820-1823) vaise poñer en práctica unha nova división municipal, establecéndose os Concellos Constitucionais, nos que se observa un notable esforzo por homoxeneizar e racionalizar estas unidades administrativas seguindo criterios xeográficos e poboacionais, de xeito que algunhas como Aranga ou Irixoa prefiguran con bastante exactitude o territorio que abarcarán no futuro.

A grande reforma da que se deriva a división municipal vixente produciuse por medio dun Real Decreto de 1837, que demarcará de xeito case definitivo o distrito que vai corresponder a cada concello. Só se mantiveron inalterables as vellas xurisdiccións de Mugardos e, despois dun longo proceso, Ortigueira; esta proporción pode considerarse normal, tendo en conta que na provincia de Santiago non se conservaron máis que os lindeiros das de Fisterra e Cotobade. Durante o que resta de século produciranse moi poucas alteracións: o concello de Castro trocará o nome polo de Miño, ó acontecer un cambio na capitalidade, que primeiramente ficaba no lugar de Viadeiro, dentro da parroquia homónima (45). As iniciativas neste senso foron sempre tendentes ás agregacións territoriais, xa que o pequeno concello do Ferrol incorporou o distrito de Serantes, mentres que no 1850 unifícanse os de Veiga, Couzadoiro, Freires e Ortigueira.

## IV. ALGÚNS ASPECTOS XEOGRÁFICO-ADMINISTRATIVOS DAS XURISDICCIÓNS

Os territorios que integran unha xurisdicción do Antigo Réxime non seguen ríxidamente un criterio de homoxeneidade, senón que derivan das doacións dos monarcas medievais, dos despoxos feitos pola nobreza ou, en menor medida, das compras de vasalos; logo, o señor agregará certos dominios baixo unha capitalidade seguindo un criterio de vecindade ou ben por determinados motivos políticos e/ou económicos que primaban nese intre. Por todo isto, é moi común que as xurisdiccións aparezan espacialmente divididas en dúas ou máis áreas territoriais.

A provincia de Betanzos, sen constituir unha excepción, é unha nas que se pode ver maior homoxeneidade. Boa proba diso está no feito de que, deixando o especial

---

(44) DOMINGUEZ ORTIZ, A. *Sociedad y Estado en el siglo XVIII español.* Barcelona, Ariel, 1976, p. 433; MONTERO ARÓSTEGUI, J. *Historia de El Ferrol... op. cit.*, p. 190-191.

(45) MADOZ, P. *Diccionario ...op. cit.* Madrid, 1848, t. VI, p. 211. Outro tanto aconteceu con Setados e As Neves ou con Meira e Moaña, na provincia de Pontevedra.

caso de Árbol, só presentaban unha parroquia separada as xurisdiccións de Oza, Perbes, Esmelle e As Pontes. O fenómeno da compartimentación déixase ver con craridade no Correximento de Betanzos, dividido en catro sectores, se ben tres deles chegan a tocarse nun dos seus cantos; moito máis acentuado é o caso da parte betanceira de Miraflores, pois o terceiro dos seus distritos, formado pola parroquia de S. Xoán de Sergude, atopábase rodeado por dous sectores de Betanzos, polo Correximento herculino (Prov. da Coruña) e polo Val de Barcia (Prov. de Santiago).

As xurisdiccións tamén se caracterizan por presentar uns tamaños moi dispares. Atendendo ó criterio do número de parroquias, e seguindo os datos do Nomenclátor de Floridablanca, a Provincia de Betanzos amosa un promedio de 5,4 freguesías por xurisdicción , situándose case ó mesmo nivel que Ourense, pero por baixo de Santiago e Lugo. Aplicando este mesmo parámetro ós tipos de dominio xurisdiccional, a media máis alta corresponde ó reguengo, sendo tamén a maior de toda Galicia; a grande distancia situábase a nobreza titulada, que case duplicaba ós mosteiros, aínda que estes superan ás dignidades eclesiásticas e á fidalguía. Tales datos concordan perfectamente cos do conxunto do Reino, agás no caso dos bispos e cabildos, xa que este grupo tiña grandes e poboados territorios nas provincias de Santiago e Lugo.

Queda posto de releve que o tipo de dominio marca diferencias no que respecta ó tamaño, mais tamén no que concerne ó potencial demográfico das xurisdiccións:

As conclusións son ben semellantes ás obtidas seguindo o criterio do número de

**Táboa 5. Extensión e vecindario das xurisdiccións segundo o dominio**

| Tipo de dominio | N° de xurisdiccións | Ext. media (Km$^2$) | Pobación media (1760) |
|---|---|---|---|
| Dignidades eclesiásticas | 4 | 35,6 | 340 |
| Mosteiros | 7 | 70,1 | 316 |
| Nobreza titulada | 22 | 53,3 | 545 |
| Fidalguía | 11 | 16,3 | 134 |
| Reguengo | 3 | 144,3 | 1.992 |
| Mixtos | 5 | 14,9 | 196 |

parroquias. De certo, as entidades máis importantes corresponden ó realengo, seguido dos grandes señores laicos, que obterían mellores resultados se non fora polos fidalgos encumiados no século XVII; logo viñan os mosteiros, xa que estes teñen a casa principal asentada na mesma provincia; a fidalguía, como é común, participa dunha grande atomización. En resume, esta xerarquización coincide bastante ben coa derivada da importancia que cada tipo de dominio ten no territorio brigantino, aínda que agora o reguengo desprazará ós titulados do primeiro posto. Isto compróbase vendo a propiedade das xurisdiccións máis salientables (táboa 6).

Destes datos pode sacarse unha conclusión moi crara: as entidades xurisdiccionais máis grandes e poboadas pertencen á Monarquía, á nobreza de orixe baixomedieval e ós mosteiros con antiga raigame na provincia.

Nesta época non sempre acontece que os lindeiros parroquiais coincidan cos límites da xurisdicción, producíndose dúas situacións que desaparecerán en canto se implante o Réxime Liberal e se liquiden os dereitos feudais. Unha primeira posibilidade é que o territorio parroquial estea compartido por varias xurisdiccións. É o caso da freguesía de S. Paio de Ferreira, que era en parte de Narahío, San Sadurniño e Meroi. A mesma complexidade presenta Santiago Seré das Somozas, da que un ana-

| Táboa 6. Xurisdiccións betanceiras con maior extensión e peso demográfico | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Xurisdicción | Poboación (veciños) 1760 | 1804 | Ext. ($km^2$) | Dominio |
| Ortigueira | 2.587 | 3.282 | 247,1 | Nobreza |
| Betanzos | 4.297 | 4.051 | 244,5 | Reguengo |
| Sobrado | 986 | 920 | 210,5 | Mosteiro |
| Monfero | 740 | 493 | 204,7 | Mosteiro |
| Caaveiro | 937 | 797 | 178 | Reguengo |
| As Pontes | 729 | 466 | 170,5 | Nobreza |
| Cedeira | 1.319 | 2.506 | 169,7 | Nobreza |
| Pontedeume | 2.558 | 2.506 | 107,6 | Nobreza |
| Narahío | 704 | 397 | 88 | Nobreza |
| O Ferrol-A Graña | 724 | 4.392 | 10,5 | Reguengo |

co correspondía a Moeche, dominio da Condesa de Lemos, outro a Meroi e Cabalar, propia no 1751 de D. José Jacinto Quindós, e o resto era do Couto de Fronzal, señorío do fidalgo D. Jacinto Valenzuela.

Os chamados "*coutos redondos*" foron entidades xurisdiccionais polo xeral de moi pequenas dimensións, cuns lindeiros alleos ós límites parroquiais, sendo común que, como no anterior suposto, compartan varias freguesías ou mesmo que aparezan encaixadas dentro do seu territorio. O couto de Nogueirosa e Belelle comprendía os lugares de Gunturiz, Vilamoure, Veiga e Allegue, na parroquia de Breamo, correspondendo o restante á xurisdicción da Alcaldía Maior de Pontedeume. O couto de Gudín, incluso en S. Miguel de Figueiroa, dependía do propio Marqués e non do Correximento de Betanzos. Da cativa extensión que tiñan os coutos dan fe os lindeiros que según o Catastro de Ensenada correspondían ó de Andel, señorío de D. Manuel Varela:

"Dijeron que tendrá de distancia de L. a P. media legua, y de el N. al S. un quarto de legua, y de circunferencia legua y media, que para caminarle se ocuparían tres oras".

Aínda que en Galicia é común que os distintos tipos de dominio xurisdiccional aparezan misturados no espacio, dentro da provincia de Betanzos poderían distinguirse *grosso modo* tres grandes zonas. Na metade septentrional, máis aló dos actuais concellos de Ares e A Capela, detéctase un case absoluto predominio do señorío laico, sobre todo da nobreza titulada. A montañosa banda suloriental é propia dos vellos mosteiros, comprendendo os territorios de Caaveiro, Monfero e Sobrado, e continuando na Provincia de Santiago coa Xurisdicción de Toques. O resto da zona meridional presenta unha marcada variedade, aínda que destaca pola súa extensión o Correximento de Betanzos.

## V. INSTITUCIÓNS E MECANISMOS DA ADMINISTRACIÓN XURISDICCIONAL

No 1214, pouco despois de que os poboadores da nova Betanzos recibiran o *Fuero de Benevente*, Sancho IV establece catro Alcaldes encargados das cuestións de goberno e autoriza o armamento dos veciños en caso de conflicto bélico. Parece que en realidade só había dous Alcaldes, presidentes do Concello, que se acompañaban dou-

tros tantos "*xurados*" ou rexidores, cargos que eran renovables cada ano. Sobre eles estaba un Alcalde Maior ou de Alzadas (46).

Este modelo de administración do Concello mantívose longo tempo. O Cardeal del Hoyo describe deste xeito as transformacións que se sucederon a finais da Baixa Idade Media (47):

"El rey don Enrique hiço ciudad a esta villa de Betanços el año de 1470, en agradescimiento y remuneración de lo mucho que le había servido, conquistando ella en su comarca y a su costa las villas y lugares deste Reino de Galicia que no se querían dar al dicho rey después de la muerte del rey Don Pedro, su hermano, y el dicho rey les dio Alcaldes ordinarios que la rigiesen y governasen y uno mayor de apelaciones y en esta manera se conservaron hasta cosa de 100 años a que se reduxeron estos tres alcaldes a un corregidor; y los corregidores que hasta hoy en día ha habido han sido muy notables y muy ricos, algunos de hábito".

Xurde daquela a figura do Correxidor (48), que se podería definir como o representante por antonomasia da autoridade e do poder real na esfera local. Se ben na época dos Austrias tiña un carácter marcadamente político, o absolutismo borbónico tenta transformalo nun técnico, achegándose á idea do que debe ser un funcionario real.

Os Correxidores aparecen por vez primeira nas Cortes de Alcalá de 1348, aínda que non acadarán a súa configuración definitiva ata o tempo dos Reis Católicos. Durante a maior parte do Antigo Réxime un mesmo personaxe ocupaba os Correximentos da Coruña e Betanzos, establecéndose polo menos dende 1489 a norma de que ambalasdúas cidades pagasen o seu salario por metade; as queixas dos betanceiros contra Rodrigo Céspedes, por ter alí de sustituto a un criado sen capacidade para tal oficio, motivou que unha Provisión Real de 1502 obrigase á permanencia do Correxidor en Betanzos cando menos de catro meses ó ano (49). Esta doble titulación dos Correxidores non se viu afectada pola instalación definitiva da Real Audiencia de Galicia na cidade herculina cara a 1563.

Os Correxidores caracterizábanse por ter un conxunto de atribucións bastante heteroxéneas. No eido xudicial eran os encargados de impartir xusticia en grado de primeira instancia, velaban polos dereitos da Monarquía frente ós acometementos da Igrexa e os nobres, e ocupábanse de mante-la orde pública e da conseguinte xestión policial. No ámbito municipal e de política económica presidían as xuntanzas do Concello, coidaban da súa facenda, á vez que actuaban como delegados gobernativos en materia de abastos e precios; ademais debían tutelar e xestiona-los servicios e as institucións de ensino e beneficencia (50). No 1749 fúndense coas Intendencias, monopolizando estas as atribucións militares e as referentes á fiscalidade Real.

---

(46) URGORRI CASADO, F. "Los nombres antiguos de Betanzos y los orígenes de la ciudad". En: *Anuario Brigantino 1982*, 5. Betanzos, 1983, p. 63-64.

(47) DEL HOYO, G. *Memorias del Arzobispado ... op. cit.*, p. 283.

(48) GONZÁLEZ ALONSO, B. *El corregidor castellano (1340-1808)*. Madrid, Instituto de Estudios Administrativos, 1970.

(49) GARCÍA ORO, J. "Betanzos en la Baja Edad Media". En: *Anuario Brigantino 1984*, 7. Betanzos, 1985. p. 30-31.

(50) Véxase algún exemplo en: MEIJIDE PARDO, A. "Documentos para la Historia de Betanzos". En: *Anuario Brigantino 1982*, 4° doc. e *1986*, 2° doc.

## DEMARCACIÓN DO REXIMENTO PROVINCIAL DE BETANZOS

*Xurisdiccións que o compoñían según unha relación do AMB existente nos expts. de alistamento militar e datada o 9 de febreiro de 1816. Forma parte dos preparativos do vecindario que se realizaría en toda a demarcación.*

PROV. DE BETANZOS

Sobrado.
Codesoso.
Ferbenzas.
Oza.
Parada.
Mabegondo.
Abegondo.
Bribes.
Miraflores.
Babio.
Perbes.
Leiro.
Callobre.
Andel.
Monfero.
Pruzos.
Muniferral.
Mántaras.
Villamourel.
Ferrol y Graña.
Alcaldía mayor de Puentedeume.
Alcaldía ordinaria de Puentedeume.
Ares.
Mugardos.
Sedes.
Serantes.
Serantellos.
Esmelle.
Mandiá.
Bal.
Filgueira.
San Mateo.
Villar de San Mateo.
Jubia.
Santa Cecilia.
Narón.
Trasancos.
Doniños.
Neda.
Caabeiro.
Regoela.
Anca.
Pedroso.
San Saturnino.
Moeche.
Narahío.
Somozas.
Cedeira.
Cerdido y Malados.
Casares.
S$^{ta}$ Marta de Ortigueira.
Puentes
Arbol.

PROV. DE SANTIAGO

Coto de Fisteus [Prov. de Betanzos].
C. de S$^{ta}$ Eulalia de Curtis [Prov. de Betanzos].
C. de Mezonzo.
Jurisdicion de Mesía.
J. de Boente.
Villa y Jur$^{on}$ de Mellid.
C. de Furelos.
J. de Arzúa y Bendaña.
J. de Folgoso.
Cotos de Sigueiro del Dean y San Martin.
C. de S. Lorenzo de Pastor.
C. de S. Juan de Lardeiros.
C. de Medín.
C. de Cima de Vila.
C. de Lardeiros.
C. de Domei.
C. de Faramillanes.
J. del valle de Barcia.
J. de Abeancos.

PROV. DE LA CORUÑA

Coruña Ciudad y su xurisdicion Real.
J. de Miraflores.
C, de Dorneda.
C. del Temple.
J. de Cambre.
J. de Encrobas.
C. de Estanda
C. de Sésamo.
C. de Binceira.
C. de Soandres.
C. de Meirama.
J. de Bergantiños.
C. de Sofán.
C. de Suebos.
C. de S$^{ta}$ Cecilia de Moras.
C. de Oseiro.
C. del Balle de Mis, o Lourdes.
C. de Anzobre.
J. de Erboedo.
J. de Cayon.
C. de Villar de Francos.
C. de Bertoa.
C. de S. Juan de Carballo.
C. de Ardaña.
J. de Rus.
C. de Sabuceda Biso Montemayor.
J. de Billarprego.
C. de Arcay.
C. de Mercurín.
C. de Ledoño.


DEMARCACIÓN DA ÁREA DE RECLUTAMENTO DO REXIMENTO PROVINCIAL DE BETANZOS NO 1816.
BETANZOS
A CORUÑA
SANTIAGO
_____ = Demarcación do Reximento Provincial de Betanzos.
++++ = Límites provinciais.

O nomeamento dos Correxidores era un acto privativo do Monarca, quen escollía entre os candidatos escolmados tras unha pescuda pola Cámara de Castela. Así, no 1769 presentáronse D. Gregorio Rodríguez, que tiña servido como Alcalde Maior das *Encartaciones* de Vizcaya, de Ciudad Rodrigo e como Correxidor en Madrigal; D. Diego Faustino Rodríguez fora Alcalde Maior en Atienza desde 1764; e D. Pedro Antonio Cernadas exercera de Fiscal da Real Audiencia de Galicia (51). O nomeado debía tomar posesión antes de dous meses, se ben previamente tiña que pasar por un Xuicio de Residencia, respostando á xestión do anterior destino, que ata 1748 era tomado polo seu sucesor e logo por un oficial das Audiencias Reais; pero diante da ineficacia deste sistema, eliminouse no 1799, sendo sustituido pola elaboración dun informe para uso do novo Correxidor; tamén debía presentar unha fianza "*lega y abonada*" cando tomase posesión diante do Concello (52)

A duración do cargo quedou fixada dende o s. XVI en tres anos, duplicándose no 1783. Outra norma tendente a desvencella-lo Correxidor do lugar onde servía, foi o nomeamento sistemático de forasteiros: no s. XVI abondan os apelidos vascos, casteláns e mesmo andaluces (53), mentres que na centuria das Luces tódolos avogados tíñanse matriculado nos Reais Consellos e só despois de chegar a Betanzos o facían na Audiencia de Galicia. Os Correxidores podían ser de "*Capa y Espada*" ou "*Letrados*", e se ben esta categoría se adquiriu tardíamente, polo menos un tercio dos do s. XVI eran especialistas en leis: doutores e licenciados (54). As retribucións compoñíanse dun salario, que aínda que variaba según o Correximento, en xeral foi quedando insuficiente ó non incrementarse co paso do tempo; a este engadíanselle os dereitos xudiciais. Según o Catastro de Ensenada (1751) o Correxidor de Betanzos percibía ó ano 3.300 reás, a metade do que levaban os Alcaldes Maiores (Asistente e Xuiz da Quintana) do Arcebispo de Santiago, e moi por baixo dos altos funcionarios da Administración de Rendas na propia cidade brigantina (véxase táboa 7).

Baixo o seu cargo estaban os Tenentes ou Alcaldes Maiores, sempre letrados, que se ocupaban principalmente das funcións xudiciais e atendían ó Correximento durante as interinidades. Ata 1749 eran designados polo Correxidor entrante, insistíndose en que non fosen naturais daquelas terras, pero logo esta potestade pasou ó Monarca, que escollía entre os propostos pola Cámara de Castela. Tamén nomeaba un Alguacil, tal como se recolle na toma de posesión (*Actas Capitulares* do AMB) de D. Diego del Corral o 26 de outubro de 1568:

"En las casas de ayuntamiento de la çiudad de Vetanços a veinte e seis dias del mes de otubre de mill e quinientos y sesenta y ocho anos Estando juntos en conçejo segun lo an de uso y costunbre los muy magnificos Señores el licenciado Sotomayor theniente de corregidor e justiçia en la dicha çiudad por su magestad y Juan rrs° [Rodrigues ?] de Vares y Juan Garçia de la

---

(51) No 1765 concorrían D. Agustín de Castañeda, avogado xa proposto para ocupar varios Correximentos; D. Jacobo Troche y Silva, que xa exercera de Xuiz en Noia, e D. Alvaro Pasarín y Lamas, quen no 1762 servira interinamente a vara da Coruña e logo tomou Residencia a dous Intendentes (MEIJIDE PARDO, A. "Documentos ..." *op. cit.*: *1986*, doc. n° 4 e *1987*, doc. n° 2).

(52) Estes dous aspectos aparecen recollidos en: MEIJIDE PARDO, A. "Documentos ..." *op. cit.*: 1986, doc. n° 9 e 1987, n° 10.

(53) VELO PENSADO, I. "Corregidores de Betanzos en el siglo XVI". En: *Anuario Brigantino 1982, 5.* Betanzos, 1983, p. 76.

(54) *Ibidem* nota 46.

Veçerra rregidores y rr° tenrr° [Rodrigo tenreiro ?] de mandiá o sustituto de Pedro Palmo procurador general della y en presençia de nos los scrivanos publicos de conçejo, paresçio presente en el dicho ayuntamiento una **carta y provision rreal** de su magestad del rrey don phelipe nuestro Señor [Felipe II] firmada de su rreal nonbre y de algunos de su consejo rregistrada de Jorje de Olal de Vergara de data de diez dias del mes de abrill de este presente año por la qual Su magestad le a echo merçed del **cargo de corregimiento de la dicha çiudad y su tierra** en lugar del liçençiado Diego de Valdivia corregidor que lla a sido con lo qual rrequerio a los dichos senores le rresçiban del dicho offiçio y le den la posesion del como por Su magestad es mandado, la qual dicha provision vista por los dichos señores y oida ler por mi scrivano y entendido su hefecto dixeron que la obedesçian y ovedesçian [sic.] con la rreverençia y acatamento debido como a carta y provision rreal de Su magestad [tachado magestad] rrey y Señor natural a quien dios nuestro Señor dexe bebir y Reinar por largos anos con mayor estado de rreinos y Señoríos **y la besaron y pusieron sobre sus caveças** con la solenidad que de derecho en tal caso se rrequeria **y le davan e dieron la posesion al dicho o ffiçio** y le rresçevian a el y en su ... y dicho Señor licençiado Sotomayor tomó e rresçevio **Juramento** del dicho **Diego del corral** por dios nuestro Señor y **sobre una Señal de cruz en que toco con su mano derecha** que como tal corregidor usava bien y cumplidamente el dicho offiçio y cargo, segun por Su magestad le era encargado guardar ... el derecho a las partes y procuraria el bien y pro ... de la dicha çiudad y su tierra guardaria y conserbaria sus hordenanças y si ansi lo hiçiese Dios le ayudase y el qual ansi lo prometio guardar y cumplir y echo el dicho Juramento y solenidad que de derecho en tal caso se rrequeria el dicho lizenciado Sotomayor le entrego la **bara de Justiçia** del dicho offiçio el qual la rresçevio y protesto usar della y lo pedio por testimonio y luego el dicho señor Diego de Corral dixo que nonbraria y nonbro por su **theniente** en la dicha çiudad al licençiado Velasco para que use el dicho offiçio y por **alguaçil mayor** a francisco rruyz de liebana, al qual le fue entregada la **bara de tal aguaçil** por melchor de baldevieso alguaçil que asta aora avia sido y el dicho francisco rruiz la rresçevio con el juramento y solenidad que de derecho en tal caso se rrequiere y por ausençia del dicho licençiado Velasco nonbro por su lugar theniente al señor Juan rr... [Rodrigues] rregidor que presente estava y lo firmaron de sus manos".

Os Correxidores desaparecerán por vez primeira durante o período 1812-14 no que estivo vixente a Constitución de Cádiz. O mesmo pasaría no Trienio Liberal (1820-23). Nos dous casos serían sustituidos polas figuras simultáneas do Alcalde Primeiro Constitucional e o Alcalde Segundo Constitucional. Nembargantes, a oposicion ó sistema liberal extendíase incluso ó seo do propio Concello, e así no 1814 foi elexido para Alcalde Segundo o absolutista Feliciano Vicente Faraldo (55). Co retorno de Fernando VII e a volta do Absolutismo, mándase restitui-las autoridades que ocupaban cargos en 1812, aparecendo de novo como Correxidor o Licenciado Manuel Bernardino Pérez López, quen pola súa actuación durante a Guerra da Independencia e o seu apoio incondicional á alianza do "*Altar* " e o "*Trono*", fora agraciado co título de Alcalde Maior Honorario da Sala do Crime da Real Audiencia de Galicia (56).

Despois dun novo paréntese constitucional no Trienio (1820-23), voltan outra vez os Correxidores, agora representados polo Licenciado Manuel Varela Espiñeira, personaxe tan declaradamente absolutista que fora condecorado coa Flor de Lis francesa polo Duque de Angulema. Pero os Correxidores tiñan os días contados e xa baixo o triunfo do Réxime Liberal ocupará por última vez este cargo D. Gregorio Goyanes

---

(55) VALES VILLAMARÍN, F. *Un significado apostólico gallego: Feliciano Vicente Faraldo (1785-1842)*. A Guarda, 1977.

(56) MEIJIDE PARDO, A. "Documentos ..." *op. cit.*: *1988*, doc. n° 1.

y Balboa ata 1835, aínda que máis tarde aparecerá pasaxeiramente e con outras connotacións a figura do "*Alcalde Correxidor Presidente*".

Os representantes do Concello nas Cortes convocadas no 1295 en Valladolid pola Raíña Rexente Dª María de Molina, elaboraran unha Carta de Irmandade chea de reivindicacións económicas e políticas, nas que se reflexaba un compromiso sobre todo contra os abusos dos nobres e dos Alcaldes Reais. En Galicia asinaron esta carta varios concellos, entre eles o de Betanzos, que xunto co de Lugo asumirán unha postura fortemente regalista (57). Despois das Guerras Irmandiñas subsistiron os chamados Alcaldes de Irmandade ou Dambos Estados, tendo a cidade de Betanzos facultade para nomear un, que nos tempos do Catastro de Ensenada non producía utilidade ningunha nin para a municipalidade nin para o persoeiro que detentaba o dito emprego. Según as Ordenanzas de 1476 ocupábanse de certos delitos cometidos en paraxes ermas e despoboadas, é dicir, en "*todo logar de çinquenta vezinos abaxo*", estipulándose a execución dos reos co sistema de "*saeta en el campo*"; as apelacións desde 1528 podían presentarse ante o Correxidor máis próximo se a cuantía era superior ós 6.000 maravedís (58). Cando entrou na dependencia económica da Tesourería Real comenzará unha crise que cristalizará a finais do s. XVI, aínda que nalgunhas áreas continuaron en activo, caso da Mancha ou mesmo de Andalucía (59).

Certos privilexios especiais conserváronse como anacrónica herdanza do feudalismo medieval máis puro. Na propia capital brigantina o Conde de Maceda tiña a Casa ou Pazo chamado "*Torre de Lazaa*" (Lanzós), estando investido para exerce-la xurisdicción civil e criminal dentro dos seus muros, en perxuicio da potestade que tiña o Correximento Real; ademais, parece que alí tiña asento un Alcalde Maior que atendía ós coutos de Vilamourel, Medín, Meroi e Vigo. Esta poderosa linaxe tiña enaxenado o cargo ou oficio de Alférez Maior da cidade de Betanzos, que de cotío era servido por "*tenentes*" nomeados directamente pola familia dos Lanzós (60).

O Concello da cidade betanceira tiña tamén a potestade de nomear cada ano a un "*Alcalde de Hijosdalgo*", do que hai constancia polo menos dende 1679, mais descoñécese tanto a orixe como as atribucións concretas deste cargo. Martínez-Barbeito sinala que a mediados do s. XVIII exercía o dito oficio o tamén Alcalde Maior D. Diego Antonio de Rivera y Pardo de Andrade, Señor do Pazo de Baldomir (Guísamo, Bergondo), e logo recaerá no seu fillo D. Diego Bernardo, Alférez Maior de Betanzos.

Aínda que non é obxectivo deste estudio abarcar outros aspectos que non sexan a administración xurisdiccional civil ou laica, cumpre reseña-la existencia en Betanzos dun Xuiz Eclesiástico propio. Este non aparece nas *Memorias* do Cardeal del Hoyo, que si recolle a testemuña do seu colega herculino (Fernando II entregara ó Arcebis-

---

(57) URGORRI CASADO, F. "Nuevos datos sobre el primitivo Concejo de As Pontes ..." *op. cit.*, p. 19-20.

(58) TOMÁS Y VALIENTE, F. *El Derecho Penal en la Monarquía Absoluta (siglos XVI-XVII-XVIII)*. Madrid, Tecnos, 1969, p. 32-41.

(59) Poden verse varios exemplos en: HERRERA PUGA, P. "La Andalucía Negra". En: *Anuario de Historia Moderna y Contemporánea, 6*. Granada, 1979, p. 33-34.

(60) VALES VILLAMARÍN, F. "Respuestas de la ciudad de Betanzos al interrogatorio formulado a la misma superioridad para preparar el establecimiento de la Única Contribución". En: *Boletín de la Real Academia Gallega, XXVI*. Santiago, 1955, p. 265; MARTÍNEZ BARBEITO, C. *Torres, pazos y linajes de la Provincia de La Coruña*. León, Everest, 1986, p. 205-206; MEIJIDE PARDO, A. "Documentos ..." *Op. cit: 1982*, doc. nº 5.

*O 6 de xaneiro de 1679 (actas capitulares do AMB) o Concello de Betanzos, presidido en ausencia do Correxidor, polo rexidor e Alcalde Maior Don Francisco de Puço, fixo os nomeamentos anuais acostumados para ocupar os distintos cargos públicos sobre os que tiña competencia. Deste xeito podemos saber cales eran estes:*

| | |
|---|---|
| Procurador General. | Mayordomos de las feligresias y partidos de la jurisdiçion Real desta çiudad. |
| Alcalde de hijos dalgo. | Examinadores del ofiçio de çapatero y curtidor [2]. |
| Alcalde de la ermandad. | examinadores para el ofiçio de silleros [2]. |
| Mayordomo de Propios y Rentas de la çiudad. | Examinadores de çerraxeros[2]. |
| Beedores [4]. | Beedores y examinadores de obras publicas de mamposteria y canteria [2]. |
| Depositario del derecho de quartas partes de condenaçiones en esta çiudad, juris[on] y probinçia. | Examinadores del ofiçio de sonbrerero [2]. |
| Depositario del derecho de medias anatas de la ciudad y su probinçia. | Examinadores del ofiçio de tundidor. |
| Corresponsal de dicha çiudad Contador para que pueda recibir las Cartas que binieren para dicha çiudad y Responder a ellas, thomar la Raçon de las libranças que se despacharen. | Examinadores del ofiçio de estañeros [2]. |
| Diputados de alcavalas [2]. | Examinadores del ofiçio de caldereros que bean y bisiten las calderas y mas genero de cobre que biniere a bender a esta çiudad y se hiçieren en ella. |
| Patrón de guerfanas y ospital de la anunciata. | Examinadores del ofiçio de ceriero [2]. |
| Alcalde de bulas. | Examinadores del ofiçio de cordonero y botonero [2]. |
| Examinadores del oficio de toneleros [2]. | Portero de las Casas del ayuntamiento. |
| Examinadores para el ofiçio de sastre [2]. | Mayordomo de la f[a] de Bergondo [ a instancias do Padre Superior do Priorato de S. Salvador de B.]. |
| Administrador del hospital de la madalegna [sic.]. | Quadrillero mayor de la çiudad. |
| Examinadores del ofiçio de texedores [2]. | Quadrilleros menores [para os distintos barrios]: Puentebieja, Pescaderia, San francisco, Ruanueba |
| beedores de obras publicas de carpinteria [2]. | |

po a metade do Burgo de Faro –A Coruña– no 1161), mais consérvanse algúns nomeamentos de época tardía feitos pola Cámara Catedralicia compostelá: no 1746 o cargo recae en D. Ignacio de Isla, crego da parroquia de Nosa Señora do Camiño, e dous anos despois pasará a mans de D. Juan de Rivas, cura de S. Martiño de Tiobre.

Todo centro administrativo contén un colectivo máis ou menos importante de profesionais ou funcionarios que traballan nos organismos públicos ou simplemente atenden diariamente a laboura notarial. A táboa 7 móstranos o estado que presentaba Betanzos segundo o Catastro de Ensenada (61).

Primeiro habería que suliña-la pouca fiabilidade que merecen as "*utilidades*" consignadas, tanto comparativamente como nas cantidades absolutas, pois sábese que se producen ocultamentos importantes. Ademais, moitos avogados, por mor da súa orixe fidalga, tiñan nas rendas da terra a principal fonte de ingresos, ou mesmo comparten outro oficio, caso do Licenciado D. Juan Carlos Martínez, que exercía tamén como sacristán da parroquia de Santiago de Betanzos.

Na táboa vese que o colectivo numéricamente máis importante está composto pola oficialidade da escala básica: os escribanos, procuradores, alguacís, etc. Nembargantes, os ingresos máis elevados corresponden ós altos cargos da administración real, tanto política como económica: o Correxidor e os administradores de Rendas do Tabaco, Augardente e Xofre; do resto, salientan os sempre acaudalados escriva-

(61) VALES VILLAMARÍN, F. "Respuestas de la ciudad de Betanzos ..." *Op. cit.*, p. 267-276.

**Táboa 7. Cadro dos profesionais da administración betanceira no 1752**

| Oficio | Nº | Idade media | Utilidades medias (rs.) | Servidume media |
|---|---|---|---|---|
| Correxidor | 1 | - | 3.000 | - |
| Tenente de Correxidor | 1 | - | 588 | - |
| Fiscal do Correxidor | 1 | 69 | - | - |
| Rexidores | 11 | 45 | 0 | 3,4 |
| Escibanos de Número | 13 | 48 | 1.373 | 1,9 |
| Procuradores | 4 | 44 | 300 | 1 |
| Alguacís | 7 | 46 | 327 | 0 |
| Porteiro | 1 | 28 | - | 1 |
| Administrador do Tabaco | 1 | - | 6.600 | - |
| Administrador de Rendas | 1 | - | 5.500 | - |
| Receptor de Alfolís | 1 | - | - | - |
| Escribano de Rendas | 1 | 39 | - | - |
| Avogados | 5 | 55 | 400 | 2,2 |
| Escribanos Reais | 6 | 39 | 550 | 1,3 |
| Notarios Legos | 5 | 47 | 100 | - |
| Oficiais de Pluma | 4 | 43 | - | 0,5 |

nos numerarios. En canto ó prestixio social, non cabe dúbida de que o cumio está ocupado polos rexidores, que detentan un cargo e non un oficio *sensu strictu*; a clave agáchase trala súa orixe fidalga, que é común cos avogados; na base seguen a destacarse os escrivanos, principalmente os de número, mentres que no extremo oposto situaríanse os alguacís.

Unha característica definitoria deste período histórico foi a enaxenación ou venalidade dos cargos e oficios públicos, que a Coroa entrega como pago dun servicio ou vende por certa cantidade de cartos. Dos once reximentos en activo, tres son ocupados por deixación dos seus donos, os Condes de Maceda, Altamira e Lemos, mentres que outros dous son propiedade de familiares próximos. Enaxenadas tamén estaban a maioría das escribanías numerarias e das procuradorías de causas, así como a totalidade doutros oficios, tal é o caso do Fiscal do Correximento, Escribano de Alcabalas e Millóns, Receptor de Alfolís e Alguacil Maior. A propiedade concentrábase nas mans duns poucos nobres titulados e de moitísimos fidalgos; así por exemplo, D. Manuel Muñiz posuía tres escribanías e o emprego de Alguacil Maior, mentres que D. Pedro Varela mercara a Receptoría de Alfolís, pagando á Real Facenda a suma de 40.000 reás. Sen computa-los reximentos, un tercio destes oficios son propiedade de mulleres, pois a patrimonialización levaba a considera-los coma un ben propio susceptible de partirse, herdarse ou cederse (62). Isto tamén explica que a posesión chegase a recaer nas monxas Agustinas Recoletas, na Cofradía do Clero da cidade ou mesmo na Capelanía de D. Pedro Acevedo.

Finalmente, cabe suliña-la existencia de prazas sen cubrir, como acontece con tre-

(62) Unha das escribanías do Concello tiña a propiedade compartida entre D. Manuel Muñiz e D. Baltasar de Castro; o escribano Marcos da Hespiñeira exercitábase nun oficio propio de tódolos fillos que quedaron do seu sogro. Sobre o tema véxase: FERNÁNDEZ VEGA, L. "Ventas, arriendos y renuncias de oficios en la ciudad de Santiago durante los siglos XVII y XVIII". En: *Historia Social de Galicia en sus fuentes de protocolos*. Santiago, Universidad, 1981, p. 409-430. Para os reximentos de Betanzos: GARCÍA ORO, J. "Betanzos en la Baja Edad Media ..." *Op. cit.*, p. 28, nota 54.

ce (máis da metade) dos reximentos, quizais polos minguados beneficios que deixaban e polo absentismo de moitos propietarios, xa que cando menos, oito residen fóra da bisbarra. Tampouco tiñan uso dúas escribanías numerarias, outras tantas procuradorías, e o mesmo número de avogados non exercían a súa profesión.

Aínda que non é posible avalia-lo nivel de eficacia que existe nun determinado xulgado desta época, dado que xunto cos mecanismos regulares do funcionamento da institución hai que ter en conta o elemento humán, nembargantes podemos realizar un achegamento analizando a capacidade de tramitación de causas ou expedientes:

**Táboa 8. Ratio entre os escribanos numerarios e a poboación que atende o xulgado (1760)**

| Localidade | Escribanos | Veciños | Ratio |
|---|---|---|---|
| Padrón | 4 | 405 | 101 |
| Betanzos | 13 | 4.297 | 330 |
| Tui | 5 | 2.129 | 426 |
| Bouzas | 2 | 866 | 433 |
| Santiago | 15 | 9.614 | 644 |
| Corcubión | 2 | 2.446 | 1.223 |
| Pontevedra | 4 | 6.044 | 1.511 |

A boa situación do Correximento de Betanzos dentro da táboa, por mor do elevado número de escribanías en funcionamento, indica en principio unha maior axilidade no servicio público da xusticia.

Dous elementos que nunca poden faltar no ámbito da administración xurisdiccional eran a picota ou rollo e o cárcere. Hai constancia de que en Betanzos existía unha picota no 1493 e, de non se-lo mesmo, un rollo polo menos dende 1579. Este ademais de insinia xurisdiccional, servía para mostrar en pública vergoña ós delincuentes e as obras mal feitas dos artesanos gremiais; era un elemento tan popular que dou nome a unha rúa que aínda mantén tal denominación (63). No Ferrol o rollo estaba no lugar da Atafona, e máis concretamente no Campo das Redes (64).

As cadeas dos señoríos xurisdiccionais caracterizábanse polas precarias condicións nas que vivían os presos e polas escasas medidas de seguridade coas que se contaba; daí que foran frecuentes as fuxidas. No informe que o Alcalde Maior do Ferrol, D. Eugenio Manuel Álvarez Caballero, presentou ó Concello no 1786, recollíase esta opinión sobre o estado no que se atopaba o chamado cárcere vello:

> "Apenas en 15 de abril de 1783 tomé posesión del empleo que tengo el honor de regentar, cuando pasé a la cárcel de esta villa a visitar los presos, y entonces se llenó mi corazón de congoja al ver aquellos miserables sepultados vivientes en una lóbrega, triste y húmeda bodega, sin separación alguna, ni ventilación que purifique los humores ..."

No Ferrol puxéronse a vontade e os medios necesarios, non sen ter que superar

(63) GARCÍA ORO, J. "Betanzos en la Baja Edad Media ..." *Op. cit.*, p. 29, nota 62; ERIAS MARTÍNEZ, A. "As rúas de Betanzos: Introducción ó seu coñecemento". En: *Anuario Brigantino 1985, 8*. Betanzos, 1986, p. 54-55.

(64) MONTERO ARÓSTEGUI, J. *Historia de El Ferrol ... Op. cit.*, p. 189.

grandes atrancos, ata conquerir un novo centro carcerario, que se rematou no 1802, despois de gastar máis de un millón de reás (65).

A tardía condición de reguengo obtida pola vía da expropiación real e o carácter de base naval militar, fan de Ferrol-A Graña unha das entidades administrativas máis atípicas e interesantes da provincia de Betanzos. Montero Aróstegui (66) sinala como no 1743 a Coroa dispuxo o establecemento de un Alcalde Maior letrado que se encargase da administración civil, á vez que servía o cargo de Auditor de Guerra do Departamento Naval, cun soldo de 1.000 escudos, nomeando para este posto ó Licenciado D. José Benito Figueroa y Pardo. Unha Real Orde de 1743 manda que cesen os rexidores señoriais e que as decisións do Concello fosen tomadas polo Alcalde Maior xunto co Procurador Xeral. Pero a situación foise complicando ata o punto de que no 1764 D. Francisco Javier Basadre abandonou a vila sen deixar sucesor na presidencia do Concello. Tres anos despois tíñase agregado ó goberno municipal un Persoeiro do Común e dous Deputados de Abastos, que eran elexidos en asamblea popular; pero ese mesmo ano, o novo Alcalde variou tal método, voltando a efectuarse por designación súa e do Procurador Xeral saínte. No 1778 quedaban separados os cargos de Alcalde Maior e de Auditor de Marina, sinalándose para o primeiro unha dotación de 600 ducados anuais, satisfeitos co producto do arbitrio municipal sobre a venda do viño.

A administración do Ferrol seguía sen rumbo fixo e por iso o Consello de Castela no 1781 decretou algunhas medidas que só resultaron eficaces no 1783 coa chegada de D. Eugenio Manuel Álvarez Caballero que, xa ascendido de cargo, logra no 1788 que sexan creados seis oficios de rexidores trienais. O nomeamento de Deputados e Persoeiros continuou a se efectuar por elección veciñal, pero o Procurador Xeral era designado polo Concello, tendo A Graña os seus propios representantes. No 1794 un novo cambio restableceu a unión do goberno político e o militar, como acontecía nas demais prazas marítimas, recaendo o primeiro nomeamento no brigadier e enxeñeiro D. Diego Martínez Córdoba; o cargo estaba dotado con 1.000 ducados, satisfeitos dos fondos municipais, ademais dos 24.000 reás de soldo do Estado, mentres que se lle rebaixaba ó Alcalde Maior ata 600 ducados, como antes de 1785, aínda que no 1806 aumentarán a 800 dcs.

O Nomenclátor de Floridablanca manifesta na tardía data de 1785-89 que a Xurisdicción de Caaveiro era de realengo, nembargantes este extremo non parece sempre claro. Orixinariamente dependía do mosteiro bieito de S. Xoán de Caaveiro, que no 1175 pasou a convertirse en Colexiata de Coengos Regulares de S. Agustín, ata que no s. XVIII perdeu ese carácter, proxectándose o traslado para O Ferrol (67). Por outra banda, o Catastro de 1752 recolle unha situación seguramente anterior á extinción como Colexiata, onde hai de certo unha dependencia indirecta da Coroa, pois o señorío pertencía ó Prior, quen era elexido pola Cámara de Castela, previa presentación de candidaturas polo "*Real Patronato*". O dito Prior nomeaba tódolos cargos da administración de xusticia, pero os Alcaldes Pedáneos das parroquias e as *persoas de cabildo* saían por maioría de votos nunha elección popular aberta.

Dentro das xurisdiccións de señorío, hai que salienta-la especial e complexa situa-

---

(65) *Ibidem* nota 57, p. 197 e 281-282.

(66) *Ibidem* nota 57, p. 191-202.

(67) SAA BRAVO, H. *El monacato en Galicia ... Op. cit.*, t. I, p. 296.

ción de Pontedeume, que estaba baixo o dominio dos Condes de Lemos. Según Couceiro Freijomil (68) e maila documentación relativa ó alistamento militar, o territorio estaba dividido entre un sector dependente do Alcalde Maior, e outro que era administrado por un Alcalde Ordinario; cada distrito comprendía un conxunto de parroquias dispostas en grupos illados, sen chegar a formar bloques homoxéneos. Pero tanto o Nomenclátor de Floridablanca como o Catastro de Ensenada, sinalan que nalgunhas das freguesías o poder era compartido por ambolosdous (69). Cada un ocupábase das funcións xudiciais no seu territorio, se ben o Alcalde Maior podía coñecer *a prevención* as causas do Ordinario, e ademais era o encargado de executa-las Residencias nas xurisdiccións veciñas dependentes da Casa de Lemos (70). No Concello o goberno estaba nas mans do Alcalde Ordinario, aínda que no 1751 este cargo estaba vacante, ocupando a Alcaldía Maior D. Andrés de Serantes, posiblemente fillo do Administrador que os Condes tiñan na vila.

O costume no señorío de Lemos, como noutros moitos da nobreza, establecía que o cargo de Alcalde Maior, polo xeral un letrado, tivese unha duración trienal, mentres que os Ordinarios eran renovados cada ano. No Ferrol, orixinariamente empregábase o sistema de "*cobrados*", de xeito que o día de Reis os persoeiros do Concello propoñían unha terna de candidatos para ocupa-los oficios municipais (Alcalde, Rexidores, Procurador Xeral, escribano, etc.), entre os que facía elección o Alcalde Maior asentado en Pontedeume, quen tamén vixiaba a toma de posesión, resolvía as dúbidas e interviña nas liortas. Esta situación cambiou cara a 1629, cando o Conde fixo gracia a varios fidalgos entregándolles os reximentos a perpetuidade, e aínda no 1707 a Casa de Lemos avocou para si a elección do Alcalde Ordinario e do Procurador Xeral (71). A importancia económica do dominio xurisdiccional, aínda que moi mermada con respecto a épocas anteriores, seguía sendo notable, pois no Catastro de Ensenada (moi dado ás ocultacións) estímase que cada quinquenio a Condesa de Lemos, como herdeira dos Andrade, percibía en Pontedeume a nada despreciable cantidade de 100.000 reás (72).

A cuestión dos dominios compartidos, da que xa se adiantou algo no aspecto territorial, está intimamente vencellada á propia existencia dos coutos. Betanzos vai se-la provincia do Reino que presenta unha máis baixa imprantación con respecto á súa superficie, tal como o demostran os datos de conxunto da táboa 9. Dende a perspectiva fiscal e administrativa, podería sinalarse como a xurisdicción do Val estaba repartida entre o couto de Baltar, propio do Marqués de San Saturnino; o de Vilacomelle, dominio de D. Gonzalo Pita de Porras, veciño de S[ta] Mariña de Castañeda; o de Val, pertencente á Condesa de Lemos; e os dous restantes de D. Pedro Pardo, veciño de Meirás, e de D. Felipe Piñeiro de Castro, cura párroco de S[ta] María de

---

(68) COUCEIRO FREIJOMIL, A. *Historia de Puentedeume ... Op. cit.*, p. 268.

(69) Sería a propia vila de Pontedeume e, alomenos, as parroquias de Breamo, Doroña, Grandal, Güimil e Sillobre.

(70) Sobre a figura e as atribucións dos Alcaldes Maiores de señorío véxase: GUILARTE, A. M. *El Régimen señorial ... Op. cit.*, p. 83-86. No ano 1621 o Alcalde Maior dos Estados de Lemos, Ldo. Pedro Labora de Andrade, residenciou Ferrol, Serantes, Doniños e San Mateo (MONTERO ARÓSTEGUI, J. *Historia de El Ferrol ... Op. cit.*, p. 189).

(71) MONTERO ARÓSTEGUI, J. *Historia de El Ferrol ... Op. cit.*, p. 189-190.

(72) VAAMONDE LORES, F. "Puentedeume en 1751". En: *Ecos del Eume, 37,* 16 de outono de 1910.

| Táboa 9. Imprantación dos dominios compartidos no Reino de Galicia | | | |
|---|---|---|---|
| **Provincia** | **Nº entidades** | **Dominios compartidos** | **% da Provincia** |
| Lugo | 1.158 | 168 | 14,5 |
| Santiago | 877 | 44 | 5 |
| Ourense | 873 | 73 | 8,4 |
| Betanzos | 260 | 10 | 3,8 |
| Tui | 226 | 20 | 8,8 |
| Mondoñedo | 159 | 18 | 11,3 |
| A Coruña | 96 | 11 | 11,5 |

Sequeiros. Os dereitos señoriais que percibían poden exemplificarse coa xurisdicción de Bavío:

"... no es de Realengo, pero sí de Señorío perteneciente a Dª María Benita Maldonado, Dn. Antonio Pedrosa su hijo, Dn. Joseph Bañales y Borvón, vecinos de la ciudad de La Coruña, el combento de santo Domingo de ella, y Dn. Francisco Antonio de Seyxas, vezino de Sta María de Rendal, todos los quales Dueños Jurisdiccionales, cobran y perciven del vecindario los derechos por razón de vasallaxe en esta manera: Dicho Dn. Antonio Pedrosa por once Vecinos Cabeza de casa, de cada uno cobra una Gallina y le importa medio jornal de travajo al año; y por razón de Luctuosa la viuda o Heredero de ellos quando se mueren, le contribuyen con una pieza de Animal quadrúpedo u otra mejor alhaja de la Casa del Difunto a elección de dicho Señorío; cuyo Basallaxe reparte por mitad con dicha su Madre, la que no tiene otros Basallos separados que los mencionados de dicho su Hijo; pero sí la acción a la dicha mitad, y prudencialmente le regulan dicha Luctuosa un año con otro en doce Reales de vellón por mitad. El expresado Combento de Santo Domingo por razón de quatro vecinos que le reconocen como vasallos suyos percive de cada uno de ellos un Real de vellón al año, y por razón de Luctuosa igualmente la mejor alhaja que ésta regulan anualmente en cinco Reales: el mencionado Dn. Joseph Bañales por cada uno de tres Vecinos que por dicho Señorío y Basallaxe también le reconocen percive un Real al año, y otros diez Basallos de la propia naturaleza le pagan cada uno de ellos dos Gallinas anuales, y por los dichos trece Vecinos igualmente de Luctuosa por el mismo consiguiente regulan anualmente en diez y seis Reales: El referido Dn. Francisco Antonio de Seyxas por la expresada razón de Basallaxe de diez Vecinos que le pertenecen percive de cada uno una Gallina al año y la Luctuosa como los demás Dueños; y todos ellos por dicha razón del Señorío dividen entre sí el producto de dos Gallinas anuales que paga otro Vecino, cuyo derecho de Luctuosa perteneciente al expresado Dn. Francisco de Seyxas por el mismo orden se le regulan en once Reales y del más derecho de Basallaxe que se les paga en la especie de Gallinas declaradas, hacen regulación de cada una a dos Reales de vellón, y el medio Jornal en un Real y teniendo presente que por diferentes ... del término se pagan otros derechos a algunos Dueños de su Dominio, cuyas especies según el sentido de dicho Capítulo piden regulazión, la hacen a cada quartillo de manteca en tres Reales de vellón, y la libra de Cerros en otros tres, el par de Pollos en vente y ocho Maravedís, y responden".

Ademais destes dereitos tamén aparece a prestación de traballo persoal, reminiscencia do feudalismo medieval que nesta época estaba practicamente erradicada nos países do Occidente de Europa. No Interrogatorio do Catastro de Ensenada do couto de Andel, pode lerse:

"... es de Señorío de Dn. Manuel Varela vecino de la ciudad de Betanzos, quien percibe por razón de Basallaje de cada vasallo, caveza de Casa cinco reales y medio de vellón, y dos Gallinas excepto de los Vecinos del Lugar de Rigueira, que estos sólo pagan un Real de vellón, y además de ello, y con exclusión de éstos, tienen aquellos la obligación de recaudar todos los frutos que pertenecen al expresado Dueño Jurisdicional en el sitio que está destinado, Majarlos, y conducirlos a la Casa que tiene en la feligresía de Bañobre, distancia de media legua, sin que por todo este trabajo se les de otra utilidad que darles de comer, ..."

Finalmente, pode acontecer que nos dominios xurisdiccionais compartidos, os de-




MAPA DE XURISDICCIÓNS DA ANTIGA PROVINCIA DE BETANZOS (S. XVIII).

reitos de cada señor aparezan superpostos. En Muniferral estaba enquistado o coto de Cerdelo, propio de D. Pedro González Pereira, veciño de dita parroquia, quen percibía por cada cabeza de casa un día de laboura, mentres que o vasalaxe ía integramente ás arcas do Cabildo de Santiago.

Para rematar cómpre facer unha referencia, ainda que sexa superficial, á cuestión do absentismo dos señores xurisdiccionais. Os Reis Católicos levaron adiante unha política centralista e antinobiliar que xuntou á grande nobreza ó redor da Corte e levouna a participar nas empresas militares da Coroa, provocando a sistemática marcha dos titulados, algúns xa con demasiados dominios como para deixar senti-la súa presencia efectiva en tódalas partes. Mais, aínda que tal fenómeno non atinxiu ós señores menos poderosos encumiados no século XVII, estes amosan unha movilidade que os alonxa das súas posesións xurisdiccionais; así, o III° Marqués de Figueroa e IV° de la Atalaya, D. Baltasar Manuel Pardo de Figueroa y Estrada, esposo de Dª Jacoba Valladares Mariño de Lobera, IVª Vizcondesa de Fefiñanes, está rexistrado como residente na cidade de Pontevedra, tanto no Catastro de Ensenada (1752), como nos Padróns municipais e nobiliares de 1776 (73).

Nembargantes, o máis chamativo é a ausencia dos fidalgos nas súas pequenas xurisdiccións e coutos, vivindo moitos deles na capital e noutras cidades importantes (Coruña, Santiago, e Lugo), como a viuda do rexidor betanceiro D. Manuel Antonio Varela Bermúdez, donos dos coutos de Callobre-Vilachá e de Andel e Rigueira, quen no 1763 aparece designado escribano numerario desas posesións (74). Martínez-Barbeito sinala que, sobre todo durante o século XVIII, prodúcese un éxodo ás cidades da fidalguía pacega rural, pero tamén os cargos que ían ocupando facilitarán a marcha; así, D. José María Pardiñas Villardefrancos, ademáis de Maestrante de Ronda e Coronel do Reximento Provincial de Tui, era concelleiro no Ferrol e fora electo Procurador Xeral de Santiago (75). En resume, de 11 casos coñecidos, só nun se confirma a residencia do fidalgo na parroquia, aínda que outras veces vivían nas freguesías máis ou menos próximas.

## *APÉNDICE:*

## CORREXIDORES E ALCALDES DE BETANZOS ATA O REMATE DA PROVINCIA

Estes foron os Correxidores de que tivemos noticia documental e bibliográfica (76), e os primeiros Alcaldes Constitucionais de Betanzos ata 1834, un ano despois da morte do Rei Fernando VII, nuns momentos nos que unha nova división administrativa de España remataba definitivamente coa secular existencia da provincia de Betanzos.

(73) A. H. P. *Catastro de Ensenada*, caixa 620-B, e *Ayuntamiento de Pontevedra*, leg. 64 (7) e 66 (5). No dito Catastro declara unha servidume composta por un capelán, 3 criados de librea, 3 criados con "don", 2 sen ese distingo, e máis 4 criadas.

(74) VAQUERO LASTRES, B. Un ejemplo de sociedad urbana en la Galicia del Antiguo Régimen: Betanzos en el siglo XVIII. Santiago, 1985, f° 167 (tese de licenciatura inédita como tal, pero publicándose por partes no *Anuario Brigantino*).

(75) MARTÍNEZ BARBEITO, C. *Torres, pazos y linajes ... Op. cit.*, p. 36 e 366.

(76) Esta relación elaborouse con datos recollidos do Arquivo Municipal de Betanzos (AMB), do da Coruña (AMC) e de diversa bibliografía. Neste aspecto foi moi valioso o traballo xa citado de D. Ismael Velo Pensado para os correxidores do s. XVI. Utilizaremos as siglas AMC exclusivamente para aqueles correxidores que só se documentaron como tales da Coruña, pero dos que supoñemos o eran tamén de Betanzos.

## CORREXIDOR E XUIZ ORDINARIO

**DON CARLOS ENRÍQUEZ DE CISNEROS** (...25-III-1496...)

**DON ENRIQUE PÉREZ DE SOTOMAYOR** (...1511...), (AMC).

**DON ANTONIO DE HERRERA** (...20-IV-1513...), (AMC).

**DON PEDRO DE LUXÁN** (...18-III-1514...)

**DON DIEGO LÓPEZ DE HARO** (...V-1524...), (AMC).

**LICENCIADO DON MARTÍN DE MEDINA** (...14-IV-1524...), (AMC).

**DON DIEGO LÓPEZ DE HARO** (...14-IV-1525...), (AMC).

**LICENCIADO DON PEDRO DE ESQUIVEL** (...27-II-1527...), (AMC).

**DON CRISTÓBAL DE TORRES** (...28-IV-1529...), (AMC).

**DOCTOR DON ONOFRIO DE LISÓN** (...12-III-1531...), (AMC).

**DON CRISTÓBAL DE TORRES** (...28-XII-1531...), (AMC).

**LICENCIADO DON JERÓNIMO DE PALOMARES** (...13-III-1534...), (AMC).

**DON JUAN DE GUZMÁN DE HERRERA** (...22-II-1535...), (AMC).

**DON FERNANDO DE LOAISA** (...22-I-1538...), (AMC).

**DON HERNANDO DE LUARCA** (...6-I-1539...), (AMC).

**DON JUAN RUIZ DE GAONA** (...28-I-1540...), (AMC).

**DON PEDRO DE HENAO** (...1-II-1541...), (AMC).

**DOCTOR DON JUAN LÓPEZ DE AYALA** (...8-IV-1543...), (AMC).

**DON JUAN DE VALDÉS** (...4-VIII-1544...), (AMC).

**DON PEDRO MORÁN** (...15-VII-1546...), (AMC).

**LICENCIADO BARRIO NUEBO** (...6-VII-1548/9-X-1549...)

**LICENCIADO DON PEDRO HERNÁNDEZ DE ARÉVALO** (...15-X-1550/V-1551...)

**DON JUAN VÁZQUEZ [¿VELÁZQUEZ?] BOTELLO** (...7-VIII-1554/1555...), (AMC).

**LICENCIADO DON DIEGO LÓPEZ DE HARO** (...16-IX-1555/1556...), (AMC).

**DON JUAN ALONSO DE SALINAS** (12-IX-1557...), (AMC).

**LICENCIADO DON BERNARDO [¿HERNÁN?] YÁÑEZ DE LOBÓN** (...26-IX-1561/1563...), (AMC).

**DON ESTEBAN PACHECO** (26-IV-1564B...)

**LICENCIADO DON DIEGO DE VALDIVIA** (6-IV-1566B/26-X-1568B)

"*El muy magnifico señor* **DIEGO DEL CORRAL** " (26-X-1568B...). "*Su magestad le a hecho merçed del cargo de corregimiento de la dicha çiudad y su tierra en lugar del liçenciado Diego de Valdivia ...*"

**LICENCIADO DON BONIFACIO DE ZÚÑIGA** (...15-VIII/7-XI-1572...)

**DON CRISTÓBAL VÉLEZ DE ESCOBAR** (2-XI-1573...), (AMC).

**DON ANTONIO DE VOZMEDIANO** (10-II-1575C...)

**LICENCIADO DON FORTÍN ÍÑIGUEZ Y DE IBARGUEN** (14-X-1577B...)

**DON JUAN DE GABIRIA** (29-III-1580B...), (AMC).

**DON CRISTÓBAL VÉLEZ DE ESCOBAR** (...7-IX-1583...)

**DON CRISTÓBAL RUIZ DE CASTRO** (...10-V-1587...), (AMC).

**DON JUAN DE ÁVALOS** (15-XI-1591...), (AMC).

**DON FRANCISCO SUÁREZ DE BENABIDES** (...30-XI-1594/29-III-1597...)

**CAPITÁN DON ANDRÉS DE SALCEDO** (...1-VII-1602/30-IX-1604...), "*Corregidor y Just*ª *en la dicha çiudad* [A Coruña] *y la de Vetanzos*".

**LICENCIADO AGUILAR DE HARO** (...29-I/8-XI-1607), (AMC).

**CAPITÁN DON ALONSO DE MEDRANO** (8-XI-1607/4-IX-1611), (AMC).

**CAPITÁN DON GREGORIO RICO** (4-IX-1611/14-XI-1614...), (AMC).

**DON RODRIGO ÁLVAREZ DE BOHÓRQUEZ** (24-XII-1614/9-VI-1619...), (AMC).

**DON XERÓNIMO DE ROXAS Y SANDOBAL** (18-VII-1619C/1-IV-1622...)

**CAPITÁN DON PEDRO GODINES BROCHERO**, (...11-1623/6-V-1626...)

**CAPITÁN DON ANTONIO DE ESCOBAR** (27-V-1626C/30-VI-1632...), "... *que biene por Corregidor desta çiudad* [Coruña], *questá en su casa junto a Vetanzos esperando Orden del ayuntamiento* [da Coruña] *para entrar el día que se le avise*".

**CAPITÁN DON DIEGO DE ROJAS** (...25-VII-1633/25-IX-1636...)

**CAPITÁN DON GERÓNIMO SAAVEDRA RAPELA Y MOSCOSO** (...18-I-1637/29-I-1640...), (AMC).

**CAPITÁN DON JUAN ENRÍQUEZ DE NAVARRA** (1-X-1640C/11-IX-1642...), "... *corregidor por S. M. en esta ciudad* [A Coruña] *y la de Vetanços*".

**CAPITÁN DON PEDRO YGNACIO VÉLEZ DE YDIÁQUEZ Y GUEVARA** (...9-XI-1645/22-VII-1646...), (AMC).

**CAPITÁN DON ALONSO MARTEL DE VARGAS** (29-III-1647/11-II-1648...), "*Caballero de la Orden de Santiago*" (AMC).

**DON BERNARDINO MORANTE DE SILVA** (14-X-1648/...), "*Caballero de la Orden de Calatraba*" (AMC).

**DON JUAN DE ARBIETO Y COELLO** (...5-IV-1650/23-VII-1653...), "*Caballero de la Orden de Santiago, corregidor por S. M. de las ciudades de la Coruña y Betanços*" .

**DON ANTONIO DE LAGO FIGUEROA** (...5-III-1654/30-III-1656...), "*Corregidor desta ciudad* [A Coruña] *y la de Vetanços*" .

**DON FRANCISCO VELÁZQUEZ DE MEDRANO** (10-XI-1656/16-X-1658...), "*Caballero de la Orden de Santiago*" (AMC).

**DON FRANCISCO GUERRERO** (...1-VI-1660/...), "*corregidor desta ciudad* [A Coruña] *y la de betanços*".

**DON MIGUEL DE CHAPORTA Y MECETA** (3-III-1664C/21-VI-1664...), "*corregidor desta ciudad* [A Coruña] *y la de betanços*".

**DON SEVASTIÁN DE BOLÍVAR Y MENDOZA** (...6-X-1669/29-X-1669...), "*corregidor desta çiudad* [A Coruña] *y la de betanços*".

**DON JUAN ANTONIO DE ARGUELLO** (...19-I-1671/1-II-1675...), "*cavallero de la orden de Santiago Corregidor de la dicha ciudad* ["A Coruña] *y la de Betanços*"..

**DON ANDRÉS DE PRADA Y MANRÍQUEZ** (...17-XI-1678/12-V-1680...), "*comendador del abito de Santiago*" (AMC).

**DON BALTASAR FRANCO DE MOLINA Y ULLOA** (...1-I-1682/27-XII-1683...), "*Regidor perpetuo de la ciudad de tholedo corregidor y justicia por su magestad desta dicha ciudad y la de la coruña*".

**DON PEDRO VARONA PACHECO** (...25-IV-1687/10-X-1689...) "*corregidor desta çiudad* [A Coruña] *y la de betanços*".

**DON ALEXO DE OLMOS JIRÓN Y QUIÑONES, MARQUÉS DE TORREBLANCA** (9-XI-1689C/19-XII-1689...), "*cavalleriço de Su magestad, rexidor y alcalde mayor Perpetuo de la ciudad de León y rexidor de la Villa coronada de Medina del Canpo y Correxidor por su magestad de las ciudades de la coruña y vetanços*".

**DON JOSÉ DÍAZ DE LA VEGA** (...16-XI-1693/4-IV-1696), "*cavallero del abito de Santiago corregidor desta çiudad* [A Coruña] *y la de vetanços*".

**DON ANTONIO SANGUINETO Y ZAYAS** (5-IV-1696C/30-VII-1700C), "*cavallero del Orden de Santiago; Corregidor y Capitán Aguerra por S. M. desta ciudad* [A Coruña] *y la de Vetanzos*".

**DON ANTONIO DE MERCADO Y MORALES** (3-VIII-1700C/1-XII-1703...), "*corregidor desta çiudad* [A Coruña] *y la de vetanços*".

**DON GABRIEL MUÑOZ DE FIGUEROA** (...3-I-1704/9-IX-1708C), "*Corregidor y Capitán Aguerra por S. M. desta ciudad* [A Coruña] *y la de Betanzos*".

**DON DIONISIO SÁNCHEZ Y RAMÍREZ DE ARELLANO** (15-IX-1708C/ 14-XI-1712C), "*Corregidor y Capitán Aguerra por S. M. desta ciudad* [A Coruña] *y la de Betanzos*".

**DON JUAN GONZÁLEZ DEL HORNO Y ARELLANO** (14-XI-1712C/9-XII-1715...),

*"Corregidor y Capitán Aguerra por S. M. desta ciudad* [A Coruña] *y la de Betanzos".*

**DON GERÓNIMO DE SORIA** (...16-II-1717/ 31-XII-1717...), *"corregidor desta çiudad* [A Coruña] *y la de vetanços".*

**DON RODRIGO CAVALLERO YLLANES** (...7-XII-1722...), *"cavallero del orden de Santiago, del Consejo de S. M. en el supremo de Guerra y hacienda en este Reino de Galicia y Corregidor desta ciudad* [C] *y la de vetanços".*

**DON JOSÉ PEDRAJAS** (...23-VII-1727/19-XII-1727...), (AMC).

**DON FRANCISCO SALVADOR DE PINEDA** (...15-XII-1739...), *"corregidor desta çiudad* [A Coruña] *y la de vetanços".*

---

A partir daquí Betanzos e A Coruña tiveron correxidores distintos, polo que só referiremos os que poidemos documentar para Betanzos. De feito, Don José de Avilés y Turbide (...2-V-1746/20-IX-1756...) só aparece na Coruña e o mesmo ocorre con Don Ph$^{e}$ [Felipe] de Castaños (...31-I-1760...), co Marqués de Piedrabuena (...18-I-1770/28-XI-1775...), con Don Pedro Moscoso y Figueroa (...20-II-1776/22-XI-1779...), con Don Francisco Xavier Mosquera de Puga (...19-IV-1787/1-I-1790...), con Don Antonio Alcayde (...11-IV-1792/29-V-1793...), etc.

---

**LICENCIADO DON FRANCISCO ÁLVARO PASARÍN Y LLAMAS** (...7-XII-1751/21-III-1755...), *"Avogado de los rreales Consexos y Correxidor, Capittan Aguerra por su Magestad de dicha ciudad y su Jurisdicion real".*

**DON JUAN ANTONIO MARTÍNEZ CANAS** (...13-VII-1756/11-II-1760...), *"Avogado de los Reales Consexos y Corregidor ynterino de ella", "Abogado de la Real Audiencia de este Reino".*

**LICENCIADO DON ALONSO NICOLÁS DE FONSECA Y PATTINO** (...12-V-1765...), *"Avogado de los rreales consexos Correxidor por Su Magestad de estta dicha ciudad y su xurisdicion rreal".*

**DON AGUSTÍN CASTAÑEDA** (...28-I 1766/ 19-II-1766...), *"avogado de los rreales consexos y de la rreal audiencia de este Reino Correxidor y Capittan Aguerra por S.M. de estta dicha Ciudad y su xurisdicion Real".*

**DON FRANCISCO ANTONIO DE TOUBES** (...24-V-1773/3-X-1775...), *"Avogado de la Real audiencia de estte Reino Correxidor y Capittan a Guerra por Su Magestad de ella y su xurisdicion Real".*

**DON DIEGO MERINO Y ZAPATA** (...20-IV-1779/1-III-1780...), *"Corregidor y Capitan a Guerra por S.M. de esta Ciudad y su Jurisdicion Real".*

**DON JACOBO TROCHE Y SILVA** (...V-1781/ 4-VI-1787...)

**DON ANTONIO GONZÁLEZ ALAMEDA** (...1-I-1791...), *"Corregidor y Capitan Aguerra por S.M. de estta Ciudad".*

**DON ANDRÉS SANTOLARIA** (...X-1794/XI-1800...), *"Abogado de los Reales consejos correxidor y Capitan Aguerra por S.M. de [Betanzos] y su jurisdicion".*

**DON VICENTE SÁNCHEZ MUÑOZ** (...28-XI-1800/1807...), *"Abogado de los Reales Consexos Correxidor por S.M. de la misma y su Real xurisdiccion".*

**DON MANUEL BERNARDINO PÉREZ** (...8-III-1808/3-XII-1812), *"Abogado de los Reales Consejos Correxidor por Su Magestad de esta dicha Ciudad y su Real xurisdicion"*

---

## ALCALDES CONSTITUCIONAIS

Mentres non tome posesión un Alcalde primeiro constitucional, presidirá as sesións do Concello **Don Jacobo Couceiro Andrade y Berea** (3-XII-1812/21- -II-1813...), *"Abogado del Tribunal Superior de esta Provincia, Alcalde [segundo] Constitucional y Presidente".* É o primeiro Alcalde moderno da historia de Betanzos. Despois das primeriras eleccións municipais , fora elexido para Alcalde Primeiro Constitucional o último correxidor, Don Manuel Bernardino Pérez, pero éste, fiel absolutista, rechazou o cargo.

**DON PEDRO VALERIO DEL MONTE** (21-II-1813/...), *"Alcalde primero constitucional"*. Soamente preside a sesión de toma de posesión e **Don Jacobo Couceiro** seguirá sendo a cabeza visible como Alcalde segundo ata o 1-I-1814.

Ata a data de toma de posesión dun Alcalde primeiro, **Don Feliciano Vicente Faraldo** (1-I-1814/14-II-1814) será a máxima autoridade como *"Alcalde segundo y Presidente"*.

**DON MANUEL ROLDÁN Y GIL** (14-II-1814/12-VII-1814), *"Alcalde primero Presidente"*.

## CORREXIDOR REAL

**DON MANUEL BERNARDINO PÉREZ** (segunda vez, 12-VII-1814/21-I-1820...), *"del Consejo de S.M., su Alcalde honorario de la Sala del Crimen de la Real Audiencia de este Reino, Corregidor y capitan a Guerra de esta M.N.y M.L. Ciudad de Betanzos y su Jurisdicion Real y Juez de la demarcacion del Regimiento Probincial a que da nombre la misma..."*

## ALCALDES CONSTITUCIONAIS

**DON JUAN YGNOCENCIO MARTÍNEZ GONZÁLEZ Y HERMIDA** (24-IV-1820/XII-1820...), *"Alcalde primero constitucional"*.

O 26-XII-1820 atopamos a **D. Gabriel Pita da Veiga** citado en expedientes criminais como *"Alcalde segundo Constitucional y juez de primera instancia interino por ausencia del propietario"*.

Antes da toma de posesión do seguinte Alcalde, atopamos presidindo as sesións do Concello nos primeiros días de xaneiro de 1821 a **D. José Cordido**, **D. Angel Gómez Osorio** e **D. F**[rancisco] **García Fernández**, éste a título de *"Rexidor primero constitucional"*.

**DON FÉLIX PÉREZ** (9-I-1821/X-1821...), *"Alcalde primero constitucional que en vacante de Juez de primera Ynstancia administra Justicia en esta Ciudad y Partido"*.

O 22 e 28-XI-1821 preside o Concello o Sr. **San Martín** co título de *Alcalde segundo*. O 28-XII-1821 vemos que ostenta a máxima representación en causas criminais **D. Juan Luis Arizaga**, co mesmo título de *"Alcalde segundo constitucional"*.

**DON JOSÉ MARÍA ROMAY Y TAFARO** (...18-I-1822/1-I-1823), *"Alcalde primero constitucional"*.

**DON MANUEL ROLDÁN Y GIL** (segunda vez, 1-I-1823/2-I-1823)

Do 2 ó 6 de xaneiro de 1823 exerce como máxima autoridade **Don Agustín Núñez** en calidade de *Alcalde segundo constitucional*.

**DON ANTONIO NOGUEROL** (6-I-1823/20-I-1823), *"Alcalde primero constitucional"*.

Desde o 24-I-1823 ó 14-II do mesmo ano, preside **Don Agustín Núñez** como *Alcalde segundo*.

**DON PEDRO DE BRAÑAS** (...14-II-1823/22-II-1823...), *"Teniente retirado de Egercito, nombrado en el día veinte y seis de Enero ultimo Alcalde primero, que esta presente en lugar de D. Antonio Noguerol por haber sido exonerado por el Señor Gefe Político en fecha veinte de dicho enero"*.

Do 22-II-1823 ata o 10-VII dese ano volve a presidir como *Alcalde segundo* **Don Agustín Núñez.**

## CORREXIDOR E PRESIDENTE

Desde a entrada das tropas francesas do Duque de Angulema en Betanzos o 14 de xullo de 1823, aparece repetidamente presidindo o Concello **Don Ygnacio Mella y Barbeito** *"Regidor por S.M... y como tal Corregidor ynterino..."* (última data documentada, 4-VIII-1823).

**DON MANUEL VARELA ESPIÑEIRA** (...15--XI-1823/5-VIII-1824), *"condecorado con la flor de lis de Francia por S.A.R. el Duque de Angulema, Abogado de la Real Audiencia de este Reyno y del Colegio de la Ciudad de la Coruña correxidor ...de esta M.N.y M.L. ciudad de Betanzos, Presidente de su Ayuntamiento Real Subdelegado de todas rentas reales y de Galicia en la misma y su Partido"*.

**DON RAFAEL GONZÁLES GAMONEDA** (...16-VIII-1824/16-I-1826...), *"Correxidor Presidente"*. *"Correxidor por S. M. de esta ciudad y su Real Jurisdicion"*.

A partir do 16-I-1826 preside en repetidas ocasións, por *"indisposición"* ou *"ocupación"* do Correxidor, **Don José Mosquera Muñiz de Andrade** *"Regidor y Alguacil maior"*. Desde o 7-VIII-1826 seguio presidindo, pero xa por *"bacante"* do Correxidor e mesmo *"por ausencia del Sr. Corrixidor interino"* ata o 4-I-1827

O 12 e o 16 de xaneiro de 1827 preside **Don Jacobo García Losada** *"Rexidor mas antiguo y como tal Corrixidor interino a falta del propietario"*.

**DON QUIRICO ANTONIO EGAÑA** (31-I--1827/12-IV-1833), *"Correxidor y Capitán a Guerra"*, *"Licenciado"*.

**DON ANTONIO DE LA LLATA PALACIOS** (12-IV-1833/19-X-1834), *"corregidor Presidente"*.

Despois do 18-VII-1834 o Correxidor non volve a presidir. No seu lugar aparecen tres persoas alternativamente: **Don José Mosquera Muñiz de Andrade** como *"Regidor decano"*; **Don José Arias Uría** *"por indisposición del Sr. Corregidor Propietario y ausencia del Regidor Decano*, e **Don José Mosquera ...**




Concellos que no 1850 se unificarán baixo a capitalidade de Ortigueira (datos de Madoz).

**DON GREGORIO GOYANES Y BALBOA** (19-X-1834/12-X-1835). *"Correxidor Presidente"*. Aínda que máis tarde aparecerá brevemente a figura do *"Alcalde Correxidor Presidente"*, de feito os vellos correxidores do Antigo Réxime rematan aquí, ó mesmo tempo que desaparece a provincia de Betanzos.

## ALCALDES MAIORES DO FERROL (77)

***DATA DE POSESIÓN / NOME (profesión)***

1735.- **D. JOSÉ BENITO FIGUEROA Y CASTRO**

1735.- **D. ISIDRO DE PRADO**

1746.- **D. DAMIÁN DE LA PEÑA**

1750.- **D. SALVADOR DE SEVILLA CABEZA DE VACA**

1754.- **D. FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ DE ESTRADA**

1760.- **D. FRANCISCO JAVIER BASADRE**

1764.- **D. FRANCISCO FARIÑA**

1767.- **D. FRANCISCO VIVERO SÁNCHEZ CALDERÓN**

(77) MONTERO ARÓSTEGUI, J. *Historia de El Ferrol... Op. cit.*, p. 424-425.

1771.- **D. FRANCISCO JAVIER BASADRE**

1774.- **D. FRANCISCO ROBLEDO DE ALBURQUERQUE**

1775.- **D. PEDRO RODRÍGUEZ DEL MONTE**

1777.- **D. PEDRO BAYÓN RUIZ**

1783.- **D. EUGENIO MANUEL ÁLVAREZ CABALLERO**

1788.- **D. ANTONIO FRANCISCO FREIRE DE CORA**

1795.- **D. PEDRO ANTONIO CABALLERO**

1802.- **D. MIGUEL BENITO CORTÉS**

1806.- **D. MANUEL ANTONIO SAAVEDRA**

1812.- **D. JOSÉ DE IBARLUCEA Y ARRATIGUIBEL**

## ALCALDES CONSTITUCIONAIS

1812.- **D. PEDRO GONZÁLEZ CARVAJAL** (Comisario de Marina)

1814.- **D. RAMÓN AGUILAR Y COLOMER** (Comerciante)

## ALCALDES MAIORES

1816.- **D. VICENTE GARCÍA DÍAZ DE RIVERA**

## ALCALDES CONSTITUCIONAIS

1820.- **D. JOSÉ MARÍA MOSCOSO ALTAMIRA** (Propietario)

1821.- **D. JOSÉ DÍAZ PIEIRO** (Avogado)

1822.- **D. PEDRO CIRIACO DE ELIZALDE** (Cirujano)

1823.- **D. JUAN ANTONIO CARDEMIL** (Escribán)

## ALCALDES MAIORES

1825.- **D. RAMÓN MARÍA ARAUJO Y VILLARINO**

1828.- **D. JOSÉ PAN Y PUIG**

1834.- **D. JOSÉ VÁZQUEZ QUEIPO DE LLANO**

1835.- **D. LUIS MAYÁNS ENRÍQUEZ DE NAVARRA**

### *FONTES DOCUMENTAIS*

*ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO*

*Serie Jurisdiccional.* Provisiones Seculares nº 166, fº 48 e 200-201.

*ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS.*

*Actas Capitulares:* de 1549 a 1835.

*Expts. de Alistamento Militar:* 1816, 1817, 1820 e 1830.

*ARQUIVO MUNICIPAL DA CORUÑA*

*Actas Capitulares: de 1496 a 1833.*

*ARQUIVO DO REINO DE GALICIA*

*Catastro de Ensenada*: 101-Andel, 258-Babío, 469-Breamo, 558-Cabañas, 1173-Ferreira, 1195-Figueiroa, 1307-O Ferrol, 1925-Muniferral, 2287-Pontedeume, 2481-Sada, 2641-Seré das Somozas, e 2810-O Val.

*Escudo de Galicia (s. XVI) existente no zaguán do Concello de Betanzos.*

